

ATENEO FERROLÁN
FUNDADO NO ANO 1879

ATENEA

[Revista trimestral do Ateneo Ferrolán (Membro de A.I.F.A. e da A.E.A.) · Abril - Maio - Xuño 2009]

MARZO DE 1879, na Rúa Gravina

XUNTA XERAL EXTRAORDINARIA: SOMETEMENTO DO REGULAMENTO DA SOCIEDADE

ATENEO FERROLAN:

130 ANOS

SENDO UN LUGAR DE ENCONTRO PARA A CULTURA

PARABÉNS!

nº 34

Ramón Piñeiro, Letras Galegas 2009 | De interese para os socios do Ateneo: novas do Teatro Jofre | Ensino público nas favelas de São Paulo | Día Mundial do Teatro |

ademais: SERVIZOS, BREVES, CONVOCATORIAS ... e a PROGRAMACIÓN DO TRIMESTRE

A Rebelión dos Xéneros


RETRATOS, PAISAXES E FLORES

Do 6 de febreiro ao 3 de maio de 2009
Inauguración 6 de febreiro ás 20.00 h


Centro
Torrente Ballester


Concello de Ferrol
CULTURA





ATENEO FERROLÁN
FUNDADO NO ANO 1879

ATENEA
Revista trimestral do Ateneo Ferrolán

Nº 34

Abril-Maio-Xuño 2009

DIRECCIÓN E COORDINACIÓN
ATENEO FERROLÁN

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN
Rúa Magdalena, 202-204, 1º
FERROL

Tlfnos.
981 35 79 70 / 981 35 40 98

Fax
981 35 40 98

E-mail
secretaria@ateneoferrolan.org

WEB
www.ateneoferrolan.org

ISSN
1575-9679

Depósito legal
C-1937/99

O Ateneo Ferrolán é membro integrante de A.I.F.A. (Asociación Iberoamericana y Filipina de Ateneos) e da A.E.A. (Asociación Española de Ateneos).

O Ateneo Ferrolán respecta a liberdade de expresión e opinión do contido dos artigos, sendo a responsabilidade dos mesmos de cada un dos seus autores. A tod@s eles, grazas.



CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA:
María Xosé Villar Corral
DESEÑO E MAQUETACIÓN:
Ateneo Ferrolán
ILUSTRACIÓNS, CABECEIRAS E REALIZACIÓN:
Leandro, Juan de la Fuente, Ateneo Ferrolán

COLABORACIÓNS:
Luís Alonso Girgado, Carlos Castro Pinhão, Miguel Ángel Alonso Diz, Carmen González Picallo, Francisco Narla, Eliseo Zaera

PATROCINA:



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Agradecementos as empresas publicitadas pola súa confianza: MESÓN "O ESCUDO", A ESCOLA DA VACA, CENTRO COMERCIAL ABERTO A MAGDALENA, CONCELLO DE FERROL-CULTURA, RUN-RUM

EL CORREO GALLEGO

DIARIO DE LA MAÑANA.

NÚM. 247. | PRECIOS DE SUSCRICION. FERROL.—Un mes, 4 rs.—PROVINCIAS.—Tres meses 13 íd.—ULTRAMAR.—Seis meses 60 ídem.—EXTRANJERO.—Un año 90. | Ferrol, 24 de Mayo de 1879. | DIRECCION. REDACCION Y ADMINISTRACION, Sinforiano Lopez, 118. ANUNCIOS.—Precios convencionales. | AÑO II.

ATENEO.

Nuestros lectores saben que desde el dia en que escribimos la primera palabra sobre la necesidad de fundar en Ferrol un Ateneo, no hemos dado tregua á la pluma, y una vez y otra hemos trazado sueltos y artículos que revelaran al público el entusiasmo que tal idea nos inspiraba. Hemos seguido con verdadero interés las diferentes fases por que pasó el proyecto; hemos temido muchas veces el fracaso; hemos llegado á dudar; hemos vacilado; pero no pudo el desánimo hacer mella en nosotros ni el desaliento consiguió dominarnos.

Hoy nos faltan fuerzas para describir el acto que tuvo lugar en la noche del jueves; y nuestra actitud se debe tal vez al cansancio que se sobrepone, despues de la lucha, al orgullo de la victoria y al placer del triunfo.

Victoria, sí; por que como *quiso decir* anteayer nuestro querido amigo, el director de este periódico, la inauguracion de la Sociedad puede y debe considerarse como un triunfo alcanzado en esa lucha encarnizada, que comenzó hace tantos siglos y que ha llegado á nosotros, á través de las páginas de olvido que escribe el tiempo en los anales de la humanidad, latente palpitante, poderosa. Lucha entre la luz y la ignorancia, entre la razon y las preocupaciones, entre los que aspiran á la vida del espíritu y los que solo atienden á la satisfaccion de la materia.

Poderósa es la barrera que separa á los combatientes en el terreno moral; poderosa, pero nó, insalvable.

Guerra á la razon, á la verdad, á los hechos, á lo desconocido: he ahí el credo de los partidarios del *statu-quo*; he ahí la base en que se asienta la filosofía de los conservadores de todos los siglos.

Progreso constante, luz, mucha luz, plaza á las conquistas de la civilizacion, puesto á todo lo que revele un adelanto: he aquí el ideal del otro bando.

A este pertenecen los que tanto trabajaron por la constitucion de la sociedad, los que á través de obstáculos sin cuenta consiguieron llegar á la inauguracion del Ateneo. De esta inauguracion vamos á dar cuenta.

El local que ocupa la sociedad en la calle de Gravina estaba modestamente adornado pero con un gusto exquisito; luces y flores prestaban al salon destinado á las futuras sesiones, galas dignas del acto que iba á tener lugar. La concurrencia era numerosa y el bello sexo estaba representado dignamente.

El señor presidente del Ateneo D. Manuel Estrada, declaró abierta la sesion inaugural y pronunció con voz conmovida un brillantísimo discurso, en el que no sabemos que admirar más, si la riqueza de las imágenes ó la profundidad de los pensamientos, si lo castizo de la frase ó el caudal de conocimientos que revelaba. En un exordio admirablemente concebido y en poético lenguaje expresado dirigió á todos un cariñoso saludo y un discreto llamamiento; recorrió é hizo recorrer al público que le escuchaba absorto, todas las conquistas de las ciencias y las artes, trazando á grandes rasgos la historia de esos maravillosos secretos que la mano del génio arranca á la avara naturaleza; las ciencias físicas y naturales, las bellas artes, la literatura, todo cuanto forma ese admirable programa de los que tienen el progreso por guia y la verdad por norte, dió su contingente al orador para inculcar en el ánimo de los que le oyeron la idea de que la fundacion del Ateneo de Ferrol respondia á una necesidad. Seria inútil que tratáramos de seguir ni aun en extracto al orador; su discurso es de los que no pueden extractarse, es de aquellos en que nada huelga, en que nada sobra, en que cada palabra es una idea y en que cada idea lleva trás si un mundo de pensamientos. Novedad en las ideas, frescura en las imágenes, galanura en la frase, profundidad en los pensamientos, he ahí las cualidades principales de aquel discurso magistral.

El público que dió durante la peroracion marcadas muestras del agrado con que la oia, prorumpió al finalizar el discurso en un prolongado aplauso.

Leyó despues el secretario D. Santiago de la Iglesia una bien redactada Memoria sobre las vicisitudes que atravesó la sociedad hasta su inauguracion.

El Director del Correo Gallego habló poco y malo.

Leyó despues el Sr. Arévalo unas décimas del Sr. Pato notables por su completa carencia de originalidad.

El Sr. Leon leyó unas bonitas redondillas dedicadas al Arte en las cuales campea la inspiracion y abundan los pensamientos.

Y por último el Sr. Taxonera (Don Luciano) leyó tambien una poesía del Sr. Comellas, de la cual solo podemos decir que la lectura superó á la poesía.

El Sr. Presidente declaró inaugurado el Ateneo de Ferrol y dió por terminada la reunion. Mientras duró esta, la música de la *Villa de Bilbao* y de Infanteria de Marina amenizaron el acto tocando escojidas piezas.

Ferrol cuenta yá con un Ateneo. Muchos años hace que se venia sintiendo la necesidad de crear una sociedad de esa índole. Pero no basta haberla creado, preciso es sostenerla si ha de dar los frutos que de ella tenemos derecho á esperar y preciso es no desanimarse si estos frutos no brotan tan pronto como quisiéramos.

Refiriéndose á un episodio de ese eterno combate entre la razon y las preocupaciones de que hablamos al empezar, dice un profundo crítico inglés que la lucha no se empeñó en provecho de una sola generacion. Los Ateneos no se fundan tampoco para una sola época; y ya que las generaciones que nos han precedido trabajaron para nosotros cortando las zarzas del camino y tratando de estirpar la yerba enojosa, continuemos nosotros la obra comenzada y ceda nuestro egoismo sus exigencias ante el porvenir de nuestros hijos, ante la reclamacion que con justicia pudiera hacer á nuestro recuerdo la generacion que nos suceda.

Hoy todo conspira en nuestro favor, todo concurre á la progresion incesante, como decia Rua Figueroa: «Las protestas de duda bajo todas sus formas, la falange de los escépticos y la de los envidiosos favorecen el mismo progreso que niegan; los plagiarios estienden su influencia, los propios enemigos popularizan sus resultados: todo nos lleva adelante. La esfera invisible de las inteligencias tiene como la de los cuerpos celestes, su movimiento de rotacion; como ellos gravita tambien hácia su centro; su sol es la verdad, el acierto.»

¡Bien puede Ferrol dar puesto entre sus fechas más notables á la fecha en que tuvo lugar la inauguracion del Ateneo!

Leemos en *El Diario de Lugo:*

«Acaba de establecerse en Madrid con el pomposo título *Sociedad periodística española*, una empresa puramente industrial y especuladora que se propone publicar en Madrid con el título correspondiente un periódico por cada provincia española, haciendo en aquel mencion de la capital de esta, para atraer así más facilmente á los incautos.

Tenemos á la vista un número programa de dicha *Sociedad*, en el cual se contiene la relacion de los periódicos entre los cuales figuran los correspondientes á las cuatro provincias de Galicia con los títulos siguientes: *El Cid de la Coruña*, *La Linterna de Lugo*, *El Semanario de Orense*, y *El Globo de Pontevedra*.

Es decir, que esa empresa—á semejanza de lo que hace dos años intentó la de *La Correspondencia de España*— pretende asumir en sí

—156—

emboscada. V. la durmió para entregarla sin defensa á uno de esos viles libertinos de que hablé poco hace, los cuales no tienen más es-

—155—

de estos las condujeron á casa del comisario de policía, que las esperaba.

contrajeron ligeramente.



ATENEO FERROLÁN: 1879 - 2009

"130 ANOS SENDO UN LUGAR DE ENCONTRO PARA A CULTURA"

NESTA PRIMAVERA ESTAMOS DE ANIVERSARIO! PARABÉNS!

Publicado en:* EL CORREO GALLEGO *de data* 24 DE MAIO DE 1879 *con motivo da inauguración desta entidade aló polo mes de maio de 1879 *(Tradución feita por Mª Xosé Villar)*.-

ATENEO

"Os nosos lectores saben que desde o día que escribimos a primeira palabra sobre a necesidade de fundar en Ferrol un Ateneo, non dimos tregua á pluma, e unha e outra vez trazamos soltos e artigos que revelaran ao público o entusiasmo que tal idea nos inspiraba. Seguimos con verdadeiro interese as diferentes fases polas que pasou o proxecto; trememos moitas veces o fracaso; chegamos a dubidar; vacilamos, pero non puido o desánimo facer menoscabo en nós nin o desalento conseguiu dominarnos.

Hoxe fáltannos forzas para describir o acto que tivo lugar na noite do xoves e a nosa actitude débese tal vez ao cansazo que se sobrepón, despois da loita, ao orgullo da vitoria e ao pracer do triunfo...

...a inauguración da Sociedade pode e debe considerarse como un triunfo alcanzado nesa loita encarnizada, que comezou hai tantos séculos e que chega a nós, a través das páxinas do esquecemento que escribe o tempo nos anais da humanidade, latente, palpitante, poderosa. Loita entre a luz e a ignorancia, entre a razón e as preocupacións, entre os que aspiran á vida do espírito e os que só atenden á satisfacción da materia.

Poderosa é a barreira que separa aos combatentes no terreo moral; poderosa, mais non insalvable.

Guerra á razón. A verdade, aos feitos. Ao descoñecido: aí o credo dos partidarios do *statu quo*; aí a base en que se asenta a filosofía dos conservadores de todos os séculos.

Progreso constante, luz, moita luz, praza as conquistas da civilización, posto a todo o que revele un adianto: velaquí o ideal do outro bando.

A este pertencen os que tanto traballaron pola constitución da sociedade, os que a través de obstáculos sen conta conseguiron chegar a inauguración do ATENEO. Desta inauguración imos dar conta.

O local que ocupa a sociedade na rúa Gravina estaba modestamente adornado pero cun gusto exquisito; luces e flores ... a concorrencia era numerosa ...

O Presidente do Ateneo D. Manuel Estrada, declarou aberta a sesión inaugural ... Nun exordio admirablemente concibido e en poética linguaxe expresada dirixiu a todos un agarimoso saúdo e un discreto chamamento; percorreu e fixo percorrer ao público que o escoitaba absorto, todas as conquistas das ciencias e as artes, debuxando a grandes trazos a historia deses marabillosos segredos que a man do xenio arrinca á avara natureza ; as ciencias físicas e naturais, as belas artes, a literatura, todo canto forma ese admirable programa dos que teñen o progreso por guía e a verdade por norte, deu o seu continxente ao orador para inculcar no ánimo dos que o escoitaron a idea de que a fundación do ATENEO de FERROL respondía a unha necesidade... Leu, despois o secretario D. Santiago de la Iglesia unha ben redactada Memoria sobre as vicisitudes que atravesou a sociedade até a súa inauguración. ... O Sr. Presidente deu por terminada a sesión, mentres a música da Villa de Bilbao e de Infantería de Marina amenizaron o acto tocando escollidas pezas.

Ferrol conta xa cun ATENEO. Moitos anos hai que se sentía a necesidade de crear unha sociedade desta índole.


Referíndose a un episodio dese eterno combate entre a razón e as preocupacións de que falabamos ao comezar, di un profundo critico inglés que a loita non se empeñou en proveito dunha soa xeración. Os ATENEOS non se fundan tampouco para unha soa época; e xa que as xeracións que nos precederon traballaron para nós cortando as silvas do camiño e tratando de extirpar a mala herba, continuemos nós a obra comezada e ceda ao noso egoísmo as súas esixencias ante o porvir dos noso fillos, ante a reclamación que con xustiza puidera facer ao noso recordo a xeración que nos suceda.

Hoxe todo conspira ao noso favor, todo concorre a progresión incesante, como dicía Rua Figueroa:

"as protestas de dúbida baixo todas as súas formas, a falanxe dos escépticos e a dos envexosos favorecen o mesmo progreso que negan; os plaxiarios entenden a súa influencia, os propios inimigos popularizan os seus resultados: todo lévanos cara a adiante. A esfera invisible das intelixencias ten como a dos corpos celestes, o seu movemento de rotación; como eles gravita tamén cara ao seu centro; o seu sol e a verdade, o acerto".

Ben pode FERROL dar posto entre as súas datas máis notables a data en que tivo lugar a inauguración do ATENEO.


ATENEO FERROLÁN



AS NOVAS INCORPORACIÓNS DA HEMEROTECA

PRENSA DIARIA:
local, nacional e estatal

Diario de Ferrol · La Voz de Galicia · De Lunsavenres · La Opinión de A Coruña · El País · El Mundo · Galicia Hoxe · Xornal de Galicia · A Nosa Terra · Público


ORTEGA


EN ESTE NÚMERO:

ALCALA

REVISTA DE LOS ESTUDIANTES

Madrid, 25 de noviembre de 1955 — Núm. 79-80 — SEIS PESETAS

Mundo hispánico
La revista de veintitrés países. Nº 28-29, 1950.
Ed. Ediciones Mundo Hispánico



Alcalá
Revista de los estudiantes.
Nº 79-80, 1955.
Ed. Sindicato Español Universitario



Subastas Segre. Pintura



Tapa nº 40
"El castillo de La Palma. Un enclave defensivo en la ría de Ferrol"
Rebeca Blanco Rotea
Ed. IEGPS - CSIC
ISBN: 978-84-00-08732-6

Está a disposición dos usuarios da hemeroteca as máis de 450 cabeceiras coas que contamos

Agradecementos: Xaquín González Sinde, Guillermo Leal Francisco, Carlos de Aracil, Fundación 10 de marzo de CCOO, Javier Rodríguez Varela, Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento- CSIC, Concello de Valga (Pontevedra)




AS NOVAS INCORPORACIÓNS NA BIBLIOTECA

DENTRO DO PROXECTO QUE LEVAMOS A CABO COA FUNDACIÓN PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA PARA A POSTA EN VALOR DA BIBLIOTECA-HEMEROTECA DO ATENEO FERROLÁN, POÑEMOS A DISPOSICIÓN DAS PERSOAS USUARIAS DA MESMA 3 ORDENADORES, DESDE OS QUE PÓDENSE FACER AS CONSULTAS DO CATÁLOGO DOS FONDOS, CONSULTA DA PRENSA DIXITALIZADA E ADEMAIS CONTAMOS CON CONEXIÓN WIFI.



As mulleres nos partidos políticos. O caso galego
Eugenia Rey Bouza
Edicións Embora
ISBN: 978-84-95460-95-0



O único que queda é o amor
Agustín Fernández Paz
Premio Nacional de literatura infantil y juvenil 2008
Ed. Xerais
ISBN: 978-84-9782-628-0




La Emperatriz Berenguela
Marta González e Jaime Asensi(il.)
Ed. Consorcio de Santiago
ISBN: 978-84-95364-77-7




Modernitas. Estudios en homenaje al profesor Baudilio Barreiro Mallón
Manuel-Reyes García Hurtado (ed.)
ISBN: 978-84-9749-299-7

ESTÁ A DISPOSICIÓN DOS USUARIOS DA **BIBLIOTECA,** O CATÁLOGO INFORMATIZADO QUE PODEN CONSULTAR NA DIRECCIÓN SEGUINTE:

www.opacmeiga.rbgalicia.org




De provincia a nación. Historia do galeguismo político
Justo González Beramendi
Ed. Xerais
ISBN: 978-84-9782-640-2



Historia da vida cotiá en Galicia. Séculos XIX e XX
Xavier Castro. XII Premio "Xesús Ferro Couselo". Ed. Concello de Valga. ISBN: 978-84-95364-47-0

ESTÁ A DISPOSICIÓN DOS SOCI@S OS FONDOS DA
FILMOTECA
que conta hoxe con máis de 500 títulos... e sigue a medrar!



HISTORIAS DA NOSA BIBLIOTECA-HEMEROTECA

30 ANOS DE HISTORIA (7)


REGLAMENTO

DEL

ATENEO DEL FERROL.

FERROL.-1879.

Imprenta de Taxonera.

REAL [illegible].

Esta primavera o Ateneo Ferrolán cumpre 130 anos, unha longa historia, chea de altibaixos, pero sempre poñendo a disposición da cidade o acceso á cultura.

Xa desde os seus inicios, contaba o Ateneo Ferrolán cunha biblioteca e un gabinete de lectura, como se especifica no regulamento de 1879, no seu capítulo IV.

Este CAPÍTULO IV, consta de 6 artigos, que regulan o funcionamento da biblioteca.

A pesar de que transcorreu máis dun século, o espírito ateneísta mantense igual na súa biblioteca e compartimos, hoxe, coma onte, moitos dos postulados.

Sirva como exemplo os seguintes artigos do *"Reglamento del Ateneo de Ferrol"* de 1879

Cap. IV

Art.12. "Debiendo hallarse siempre en la Biblioteca y á disposición de los sócios las obras que posea el Ateneo...".


Art.13. "El Bibliotecario cuidará de evitar se extravien las revistas y periódicos y de coleccionarlos convenientemente"

Art.14."Asi mismo cuidará de formar y adicionar un catálogo que deberá hallarse siempre á disposición de los sócios".

Hoxe, poñemos, non só á disposición dos nosos socios e socias, senón de toda a cidadanía, os fondos que custodiamos. Como intentamos dar o mellor servizo, hoxe en día o catálogo está informatizado, calquera o pode consultar a través de internet. Contamos coa máis importante hemeroteca da comarca, que cada vez é mellor e máis moderna; as novas tecnoloxías, permítennos ofrecer parte dos nosos fondos dixitalizados, para así conservalos mellor.

As coleccións de prensa van aumentando e o acceso á información é máis cómodo e rápido

Son 130 anos de servizo e, sobre todo, de cultura.


—5—

CAPÍTULO IV.

De la Biblioteca y gabinete de lectura.

ART. 10. La Biblioteca y gabinete de lectura, estarán bajo la inmediata inspeccion del Vice-Secretario.

ART. 11. Todo sócio puede solicitar por escrito de la Junta de Gobierno, la adquisicion de obras, revistas, periódicos, haciéndolo por conducto del Vice-Secretario, quien en un libro especial y por órden correlativo anotará dichas peticiones.

Si la peticion estuviese suscrita por doce sócios y la Junta Directiva no estimase conveniente aceptarla, dará cuenta de ella en la primera Junta general, la que aceptará ó desechará definitivamente la adquisicion propuesta.

ART. 12. Debiendo hallarse siempre en la Biblioteca y á disposicion de los sócios las obras que posea el Ateneo, se prohibe en absoluto sacar libro alguno fuera del local donde se halle instalada la Sociedad.

ART. 13. El Bibliotecario cuidará de evitar se extravien las revistas y periódicos y de coleccionarlos convenientemente.

ART. 14. Asi mismo cuidará de formar y adicionar un catálogo que deberá hallarse siempre á disposicion de los sócios.

ART. 15. El gabinete de lectura estará abierto á las mismas horas que el Ateneo.

CAPÍTULO V.

De los Sócios.

ART. 16. Para ingresar como sócio, será necesario que tres indivi-



EN MARCHA O PROXECTO

"RECUPERACIÓN, DIXITALIZACIÓN E POSTA EN VALOR DA BIBLIOTECA-HEMEROTECA DO ATENEO FERROLÁN"

Esta colaboración ampliouse coa doazón de máis de 230 títulos editados polo servizo de publicacións da Fundación e coa cesión ao Ateneo da colección de **microfilmes do El Correo Gallego correspondentes ao período 1878-1974.**

Xa temos o seguinte traballo rematado:

· **Dixitalización de fondos de prensa únicos e de gran valor histórico e social da hemeroteca do Ateneo**, correspondentes a cabeceiras editadas en Ferrol no século XIX e principios do XX, e dos que o Ateneo conserva os únicos exemplares. Trátase dos periódicos "El Radical", "La Democracia", "Diario Ferrolano" –primeiro periódico no que escribe Wenceslao Fernández-Flórez– así como o primeiro de España que contou con servizo propio de telegrafía sen fíos-, "Faro de Ferrol", "El Eco Ferrolano", "Galicia", "La Lucha", "La Voz del Obrero", "El Porvenir", "La Voz de la Liga", "La República", "El Pueblo", "El Bien del Obrero", "El Chicote", "Revista Acorazado" e "La Cruzada" entre outros.

· **Catalogación e dixitalización da colección de fotografías «La sociedad española de construcción naval desde 1900».**

· **Dixitalización dos cinco exemplares** existentes na Biblioteca Municipal de Ferrol dos Anuarios de **Debates e Conferencias publicados polo Ateneo entre 1903 e 1907**, e dos que o Ateneo non conserva orixinais en papel.

· A **ampliación do equipamento da biblioteca-hemeroteca** do Ateneo, incluíndo a adquisición de cinco ordenadores persoais **para uso público e interno,** así como de diverso material informático.

ATENEO FERROLÁN
BIBLIOTECA-HEMEROTECA

Por Carmen González Picallo

As prácticas da Diplomatura de Biblioteconomía e Documentación, realízanse no mes de xaneiro como unha materia obrigatoria denominada "Practicum".

Tes moitos lugares onde elixir e eu escollín o Ateneo Ferrolán. Teño que admitir que non coñecía a institución, pero non me arrepinto de escollela por diversos motivos:

En primeiro lugar, todo o que aprendín na teoría puiden levalo á práctica, de maneira que realicei todas as etapas que transcorren na vida dos libros dentro dunha biblioteca, é dicir, desde a petición de fondos ata o expurgo dos libros.

Aínda que o máis relevante e o que máis me chamou a atención foi o fondo da hemeroteca, onde hai xornais e revistas de hai tantos anos que había que andar con coidado de non estragalos.

Por outra parte, o persoal do Ateneo tratoume dunha maneira moi familiar desde o primeiro día, sempre atentos por se necesitaba calquera cousa. Pero sobre todo, agradecerlle a miña titora Pilar, a paciencia e o trato que tivo comigo xa que me fixo sentir moi cómoda en todo momento.


A súa Biblioteca-Hemeroteca ten historia propia, tanto pola súa colección como polo edificio onde se encontra. Ten un gran fondo que –na miña opinión– necesita un espazo máis grande, tanto na sala de consulta como no depósito de prensa e tamén necesita unhas mellores condicións xa que os fondos son moi valiosos tanto para investigadores como para estudantes e sería unha pena que se perdesen.

Hai que engadir que é un sitio moi tranquilo tanto para o traballo diario como para os usuarios que realicen a súas consultas.

En conclusión, o Ateneo Ferrolán é o mellor sitio que podía elixir para realizar as prácticas, un lugar onde día a día buscan a maneira de adquirir e difundir cultura.



"ASTANO, A FORXA DUN SOÑO"



Documental producido por Zenit Tv que narra a historia do estaleiro ferrolán, e que foi emitido o pasado 13 de decembro dentro do programa **"Galicia Documental"**, convérteuse no documental máis visto desta tempada na televisión de Galicia ó acadar os 97.000 espectadores.

O documental forma parte da triloxía "A Industria Naval en Galicia", que continuará coa historia de Bazán e dos estaleiros de Vigo.

O documental contou coa participación da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, NAVANTIA e o Concello de Fene.

Baixo o título xenérico de Galicia Documental, a TVG aposta por unha produción de documentais netamente galegos que mostra a memoria histórica de Galicia a través de temas representativos. Estes documentais emítense todos os sábados ás 16:00h, en horario de máxima audiencia.

A HISTORIA DUN GRAN PROXECTO INDUSTRIAL

"ASTANO, A FORXA DUN SOÑO" conta a historia dun dos máis grandes proxectos industriais galegos: ASTANO.

A industria naval é unha das máis globalizadas, complexas e estratéxicas do mundo. En Galicia existe construción naval artesanal dende a noite dos tempos, e Vigo e Ferrol foron os polos deste desenvolvemento naval. No caso de Ferrol existen dende o século XVIII uns estaleiros militares, xerme do que máis tarde serían BAZÁN e ASTANO, e actualmente é NAVANTIA.

Dende a perspectiva actual, parece que os xigantescos estaleiros de ASTANO foron unha fantasía, case unha lenda, unha realidade esquecida polos que viviron hai máis de vinte anos a súa crise, e descoñecida polas novas xeracións que escasamente saben da súa importancia por referencias.

O documental **"ASTANO, A FORXA DUN SOÑO"** recupera esta historia, unha historia fermosa da que se pode aprender para o futuro. ASTANO naceu como un soño: crear unha gran industria naval civil nun momento difícil, en plena II Guerra Mundial. O seu fundador José María González-Llanos, un experto enxeñeiro naval, decidiu afrontar no ano 1941 esta aventura empresarial con modestos recursos. ASTANO constituíuse como sociedade limitada e iniciou a súa andaina cunha trintena de traballadores, moitos deles socios fundadores.

Tras estes modestos comezos, nos que se construían pesqueiros de madeira, o éxito sorriu por fin á empresa. Nos anos sesenta ASTANO rivalizou cos grandes estaleiros de todo o mundo.

A pesar da crise que sufriu o estaleiro a partir dos anos setenta, a historia de Astano é brillante, chegando a ser unha empresa innovadora e influinte no campo da construción naval. Ademais, creou unha gran riqueza, convertendo a Ferrolterra na comarca máis próspera de Galicia, e fixo que centos de galegos do rural conseguisen un traballo digno e unha capacitación profesional preto dos seus fogares, nun momento en que a emigración cara a Europa e o resto de España asolaba o campo galego.

A sucesión de imaxes e as intervencións que recordan o liderado de Ferrol na construción naval mundial naqueles tempos, é definitiva para dar fe da magnitude dos logros acadados por un grupo de homes e mulleres nunha zona onde ninguén podería imaxinar unha empresa similar. As grandes moles rompendo a ría de Ferrol, a presenza de expertos de todo o mundo nas botaduras, e a valoración de expertos en construción naval do que significou Ferrol para a industria, definen a magnitude da propia historia que se narra no documental.





«ASTANO, A FORXA DUN SOÑO»

EQUIPO TÉCNICO

Produción Executiva:
Zaza Ceballos

Guión:
Xes Chapela
Carlos López Ríos

Dirección:
Miguel Conde

Montaxe:
Carlos López Ríos

Dirección de Fotografía:
Fernando Collazo
Alberto Díaz Blanco

Son:
David Machado

Dtora. de Produción:
Sara Gonzalo

PARTICIPARON NO DOCUMENTAL

(Por orde de aparición)

Juan José Galdo
Rafael Castro
Manuel Carpente
Santiago González-Llanos
Amable Dopico
Manuela Santalla
Ángel Vizoso
Xacobo Aguilar
Xosé Freire
Andrés Bermúdez
José María Fernández
Manuel Afonso de Amorín
Suso Díaz
José María de Juan
Primitivo González
Sito Sedes
Manuel Pereira
Miguel Maristany
Wenceslao López
Xulio Abelleira
Rafael Pillado
Juan Vargas

AGRADECEMENTOS

Adriano Romero
Andrés Ceballos
Antonio González
Carlos Noche
Enrique Barrera
Gonzalo Ceballos
Guillermo Escrigas
Gumersindo Varela
José Castro Luaces
José Ignacio Cabezón
José Manuel Dapena
Juan Luis López
Jesús Ceballos
Jesús Rodríguez
Luis Ceballos
Manuel Bouza
Manuel Graña
Mª Antonia Pérez
Miguel González-Llanos
Mª del Carmen Fernández Corral
María José Vilariño
Marta González-Llanos
Ramiro Abeal
Xan Carballal.
Xoan Barro
Yago Ceballos
Autoridade Portuaria de Ferrol San Cibrao
Biblioteca Municipal de Ferrol
Cámara Oficial de Comercio, Industria y Navegación de Ferrol
Casino Ferrolano Tenis Club
Centro Cultural de Agarimo
Centro de Innovación e Servizos, Tecnoloxía e deseño
Concello de Ferrol
Concello de Narón
Concello de Neda
Escola Universitaria Politécnica
Serantes
Exposición de la Construcción Naval de Ferrol EXPONAV
Hermanos Docampo
Hotel Allegue
Hotel Barceló Almirante
Museo Naval de Ferrol
Orquesta "Los Zares"



RAMÓN PIÑEIRO

A REAL ACADEMIA GALEGA DECIDIU DEDICARLLE O **DÍA DAS LETRAS GALEGAS** DO ANO **2009**

Texto procedente da Galipedia, a Wikipedia en galego.



Ramón Piñeiro López
Armea, Láncara, Lugo, 31-V-1915
Santiago de Compostela, 27-VIII-1990

OBRA

A obra escrita por Ramón Piñeiro non é abundante, centrándose case na súa totalidade na filosofía da «saudade», *Siñificado metafísico da saudade, notas pra unha filosofía galaico-portuguesa* (Galaxia, Vigo s.a., 23 páxs.); e *Filosofía da saudade* (Galaxia, Vigo 1984, 121 páxs.). A súa correspondencia publicouse en *Cartas para os amigos* (1992) e *Un epistolario de Ramón Piñeiro* (2000). Escribiu tamén as súas memorias *Da miña acordanza* (2002), coa colaboración de Carlos Casares, que completou as páxinas iniciais escritas polo propio Ramón Piñeiro coas transcricións das conversas que mantiveron.

Ramón Piñeiro López foi un escritor, filósofo, ensaísta e político galego.

Con nove anos foi vivir a Lugo, onde estudou o bacharelato para regresar despois a Armea e máis tarde ir traballar a Sarria, en 1930. En 1931 asiste ao mitin de Lois Peña Novo que lle esperta o interese pola cultura e a política galegas.


En 1932, de novo en Lugo para estudar o bacharelato superior, participou na fundación das mocidades do Partido Galeguista, onde pronto destacou a pesar da súa timidez sendo nomeado secretario de cultura. Alí coñeceu a Ramón Otero Pedrayo (1888 - 1976), a raíz dunha conferencia que organizan os alumnos do instituto, e, en 1933, a persoeiros do galeguismo político como Castelao, Bóveda e outros).

En 1934 participou nun mitin celebrado na praza da Quintana o 25 de xullo e, en 1936, chega a ser elixido secretario do comité provincial para o plebiscito do Estatuto de Autonomía de Galicia. Tras o alzamento militar de xullo de 1936, veuse obrigado a loitar na guerra civil no bando nacional.

Rematada a guerra civil, comezou a estudar Filosofía e Letras na Universidade de Santiago. Dende 1943 participa na reorganización clandestina do Partido Galeguista no interior, membro do Comité Executivo como Secretario Político, púxose en contacto co resto da oposición ao franquismo en Galicia e cos nacionalistas cataláns e vascos para asegurar a presenza galega en todos os foros pensando nunha caída do réxime franquista tras a vitoria aliada na Segunda Guerra Mundial, detido en abril de 1946 permaneceu tres anos na cadea, a pesar de que foi condenado a seis. Ao saír do cárcere, establécese en Santiago, defendendo a loita cultural fronte á loita armada e política, en pleno enfrontamento entre os galeguistas do exilio (partidarios da guerrilla), radicados sobre todo en Arxentina (Castelao falecera en Bos Aires en 1950), antifranquistas e republicanos, e os galeguistas «do interior», máis preocupados por fornecer ás xeracións novas do apego á cultura galega que para preparalos para a transición democrática.

Participou activamente na auto disolución do Partido Galeguista e en 1950 foi o adaíl do grupo que fundou a Editorial Galaxia (da que foi o primeiro director literario), que en pleno franquismo comezou a publicar libros en galego e sobre asuntos relacionados con Galicia. Un par de anos máis tarde, Galaxia publica a *Revista de Economía de Galicia*, onde comeza a analizarse o desenvolvemento económico de Galicia. Piñeiro dirixiu a editorial e traballou nela ata 1966. Alí publicou en 1953, xunto con outros autores, *A Saudade, ensaios* (Galaxia, Vigo 1953, 197 páxs.).

En 1966 trasládase a Estados Unidos, como profesor invitado da Universidade de Middlebury, en Vermont. O 25 de novembro de 1967 ingresa na Real Academia Galega, co discurso «A lingoaxe i as lingoas», que foi respondido por Domingo García-Sabell (médico nacido en 1909, membro tamén da «Xeración Galaxia»).



RAMÓN PIÑEIRO

Cando en xaneiro de 1946 Ramón Piñeiro pasaba clandestinamente os nevados cumes do Pirineo pra se atopar en París co goberno republicano no exilio, levaba unha doble misión encomendada polas organizacións democráticas de Galicia: coñecer os plans do goberno e xestionar a inclusión no mesmo dun ministro galego, que tería de ser Afonso Daniel Rodríguez Castelao.

Á volta, Piñeiro foi detido en Madrid e condenado a seis anos, dos que chegaría a comprir tres, parte deles con cegueira case total por unha doencia non atendida.

Naquela anguriosa soedade —adondada en parte pola luzada interior—, Piñeiro analizou a realidade galega daquel intre histórico.

Na Galicia, patria rota sulcada en cicatrices, eran os camiños sin retorno. Terra torturada, abeirada de silencio, onde un vento alleante cobría de cinza os corazóns mozos.

Orfos da palabra, eramos un pobo sin conciencia nin destino; en perigo de deixar de ser.

Compría pois, ser fiel ao amigo ausente, ás sombras dos mortos; tomar o relevo de nomes queridos e comenzar de novo a sementeira da palabra.

Ramón de Láncara en Compostela falou ate a fame verbas como brasas. Con voz que flúe maina nunha humilde firmeza. Coas mans que definen no aire o corpo exacto das ideas. Cos ollos na ollada longa do futuro que comenza:

"Hombro con hombro a palabra e nós.
Falemos ate poñernos roucos. Ate trocar o laio en urro. Ate crebar a codia de paciencia, que é claudicación.
Falemos pra facermos xuntos un mañán noso, namentras os nenos dormen nun sono asosegado."

Piñeiro ensinounos que a nosa razón existencial ven ser a conquista da libertade, entendida como o equilibrio individuo-comunidade. Con el deprendimos a sentir o alento maternal da Terra, a vontade de supervivencia do pobo, o vencello irmanador da fala, a raíz ética do galeguismo...

No seu exemplo deprendimos tamén a fortaleza da humildade e o verdadeiro valor da verdade.

Ramón Piñeiro forma parte desa minoría de homes que son quen de transformar a dinámica espiritual dunha colectividade, e con ela o decorrer da historia. Héroes morais que pola súa autenticidade chegan á sensibilidade colectiva pra despertaren unha fe solidaria.

Por eso, desque Piñeiro se deu na palabra, no peito de milleiros de galegos volve a aniñar a esperanza.

Publicado por Galaxia en 1980. Caricatura Siro

Durante o tardofranquismo, determinados ideólogos do galeguismo asociados ás revolucións socialistas pretendidamente marxistas, foron especialmente críticos con Ramón Piñeiro e co grupo representado por Galaxia, tratándoos de «conservadores». Exemplo disto foi Xosé Luís Méndez Ferrín, que na novela *Retorno a Tagen Ata* (1971) incluso chega a matar a Ulm Roan, o ideólogo do nacionalismo clásico e non revolucionario, que os seus lectores ben poderían identificar con Ramón Piñeiro (quen, pola súa parte, non tiña reparos en reseñar tal novela en Grial, a súa revista).

As pretensións políticas de Piñeiro tiñan como obxectivo que todos os líderes políticos galegos asumiran o galeguismo entre os seus obxectivos fundacionais. Baixo o grupo denominado Realidade Galega, influíu notablemente para acadar partidos homologables ós europeos (un de corte socialdemócrata e outro demócrata conservador). Proba desta postura política, foron os seus constantes contactos epistolares cos líderes culturais e políticos de todos os partidos que existían na clandestinidade galega, e os que agromaban ao principio da democracia, tales como Xosé Manuel Beiras, Xaime Illa Couto, Xerardo Fernández Albor, etc., e que non deixaron de pasar pola xa famosa «mesa camilla» da súa casa na zona vella de Santiago, onde Piñeiro os asesoraba, ao tempo que traballaba porque os novos universitarios se imbuísen do galeguismo independentemente da súa ideoloxía política ou postura artística.

Cando chega a democracia, Piñeiro, que nunca deixou de defender a postura do «galeguismo difuso» (isto era, «tinguir todos os partidos de galeguismo en vez de ter un único partido galeguista»), deu exemplo desta postura e formou parte do primeiro Parlamento Autonómico, como deputado pola provincia da Coruña, como independente dentro das listas do PSdeG (Partido Socialista de Galicia-PSOE Partido Socialista Obrero Español), xunto con outras destacadas figuras da cultura galega como Alfredo Conde ou Benxamín Casal.

Da súa carreira política destaca o seu labor de poñente da primeira Lei de Normalización Lingüística de Galicia, da que foi un dos seus auténticos pais. En 1983 foi elixido primeiro presidente do Consello da Cultura Galega, cargo que desempeñou ata o seu pasamento, o 27 de agosto de 1990, a consecuencia dunha insuficiencia hepática. En 1985 recibe a Medalla Castelao.

O 11 de febreiro de 1993 o Presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga, asina o decreto 25/1993 polo que se creaba o Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, institución que por decreto 330/1997 pasou a denominarse, o 13 de novembro de 1997, como Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.







SANTIAGO DE LA IGLESIA SANTOS

Compostela 12-10-1851, Ferrol 9-12-1931

Secretario da 1ª Xunta Directiva do Ateneo Ferrolánde 1879 a 1880


FUNDADOR DO ATENEO FERROLAN

Estudia medicina en Santiago e implicase no Club Republicano da cidade; alí comeza a traballar ate que trasladase a Ferrol. Vai compaxinar a actividade política como a científica, mais tamén implicase profundamente na vida cultural de Ferrol.

Director do Laboratorio Municipal e Profesor de Física e Química da Escola de Artes e Oficios. Un primeiro traballo foi un estudio sobre as diatomeas que foi moi apreciado, incluso no estranxeiro. Foi nomeado polo goberno para combater e estudar a epidemia do tifos, escribindo unha memoria cos resultados.

Desenvolve unha intensa labor cultural e os seus discursos políticos, disertacións científicas e conferencias no Ateneo lémbranse como modelo de oratoria.

Foi unha das persoas que en 1879 fundan en Ferrol o Ateneo sendo o secretario da súa primeira xunta directiva.



23 ABRIL DÍA MUNDIAL DO LIBRO

Coa celebración deste DÍA no mundo enteiro, a UNESCO pretende fomentar a lectura, a industria editorial e a protección da propiedade intelectual por medio do dereito de autor.

O 23 de abril de 1616 falecían Cervantes, Shakespeare e o Inca Garcilaso de la Vega. Tamén nun 23 de abril naceron –ou morreron– outros escritores eminentes como Maurice Druon, K. Laxness, Vladimir Nabokov, Josep Pla ou Manuel Mejía Vallejo.

Por este motivo, esta data tan simbólica para a literatura universal foi a escollida pola Conferencia Xeral da UNESCO para render unha homenaxe mundial ao libro e aos seus autores, e alentar a todos, en particular aos máis novos, a descubrir o pracer da lectura e respectar a irremprazable contribución dos creadores ao progreso social e cultural. A idea desta celebración partiu de Cataluña, onde este día e tradicional regalar unha rosa ao comprador dun libro.

O éxito desta iniciativa depende fundamentalmente do apoio que reciba dos medios interesados (autores, editores, libreiros, educadores e bibliotecarios, entidades públicas e privadas, organizacións non gobernamentais e medios de comunicación), mobilizados en cada país por conduto das Comisións Nacionais para a UNESCO, as asociacións, os centros e clubs UNESCO, as redes de escolas e bibliotecas asociadas e cantos síntanse motivados para participar nesta festa mundial.



O ATENEO FERROLÁN USUARIO DE

FLOCOS TV:

O CINE CLUB DO AUDIOVISUAL GALEGO





O ATENEO FERROLAN PARTICIPARA NA FEIRA DE COLECTIVOS

... CUNHA MOSTRA DAS SÚAS PUBLICACIÓNS, ACTIVIDADES,...

VÉMONOS CONSPIRANDO!

VI Festival CONSPIRANDO por unha radio libre

Data: xoves 9 de abril de 2009 na Pista polideportiva da praza do Inferniño – Ferrol.

Organiza: Colectivo Opaíí!!! – Ferrol

Colaboran: Ateneo Ferrolán, Asociación Castelo de Moeche, Colectivo Fervesteiro, Concellaría de Cultura – Ferrol



APOIO A REIVINDICACIÓN: LETRAS GALEGAS 2010 RICARDO CARVALHO CALERO

Tendo coñecemento de que, unha vez máis, a Real Academia Galega volveu a rexeitar a proposta realizada pola **Fundaçom Artábria**, e **APOIADA** por tantas outras asociacións (institucións, partidos, sindicatos, centros sociais, centros de ensino, particulares, etc, nas que tamén se atopa o



ATENEO FERROLÁN) e cuxo obxectivo no último ano foi a reclamación dun recoñecemento institucional para un dos grandes do século XX galego, a **Fundaçom Artábria** anuncia que comeza unha nova campaña para pedir que sexa no ano 2010, **en que se cumpre o 1º centenario do nacemento do ferrolán Ricardo Carvalho Calero, cando se leve a cabo a celebración do Día das Letras Galegas que leve o seu nome.**

O Concello establece DESCONTOS do 20% nas entradas do TEATRO JOFRE para favorecer a asistencia

PARA ACREDITAR QUE SODES SOCI@S DO ATENEO FERROLÁN E ACADAR ASÍ DITOS DESCONTOS É NECESARIO QUE PASEDES POLAS NOSAS OFICINAS E RETIREDES UNHA CERTIFICACIÓN QUE ACREDITE A VOSA ALTA NESTA ENTIDADE.

Ola a TOD@S! Énos grato comunicarvos esta nova da Concellería de Cultura do noso Concello.

Esta nova política entrará en vigor o luns e beneficiará a menores de 16 anos, xubilados, estudantes e parados. A edil Mercedes Carbajales avanza a creación dun carné do Jofre para os socios das entidades culturais. Apunta que os espectáculos se guiarán por unha táboa marco de prezos en función da localidade e do caché.

A concelleira de Cultura, Mercedes Carbajales, informou da entrada en vigor dunha liña de descontos nas entradas aos espectáculos do Teatro Jofre coa que o Concello pretende mellorar os rexistros de asistencia e, sobre todo, equiparar o teatro ferrolán ao resto de escenarios galegos neste capítulo da xestión. Así, a grandes trazos, Mercedes Carbajales avanzou que esa nova política se centrará en tres accións concretas: marcar descontos do 20% no prezo do tícket para certos colectivos; **crear o Carné do Teatro Jofre para os socios das entidades culturais da cidade**, tarxeta que implicará tamén unha rebaixa do 20%, e delimitar os prezos das entradas en función de dous criterios obxectivos: a ubicación da butaca e o caché do espectáculo. A estas medidas, aprobadas no seu momento polo Padroado do Municipal das Artes Escénicas e Musicais e que entrarán en vigor a partir do luns, 2 de febreiro, sumarase unha cuarta, relativa ás taxas de ocupación por usos privados.

Nesta liña, e tal e como avanzaba Mercedes Carbajales en compaña do asesor cultural, Marcos Lorenzo, **dende o 2 de febreiro** varios colectivos poderán gozar dun desconto do 20% do prezo fixado na entrada. Así, os menores de 16 anos, os estudantes, os desempregados, as persoas con discapacidade e os xubilados terán esa rebaixa unha vez que se acheguen ao despacho do Teatro Jofre e presenten un documento acreditativo da súa situación. E, o desconto do 20%, aplicaráselles de inmediato na entrada que merquen.

Así mesmo, segundo Mercedes Carbajales, o que distinguirá á cidade de Ferrol doutras no que se refire ao uso dos recintos escénicos é que se vai premiar aos veciños que a edil denominou como "culturalmente activos". Isto é, as ferrolás e os ferroláns que formen parte de asociacións culturais da cidade poderán beneficiarse do Carné do Jofre, que dará dereito, como no caso anterior, a descontos do 20%.

Así, os veciños e veciñas que queiran obter dito documento deberán achegarse ata o Negociado de Cultura, situado no segundo andar do pazo municipal, e solicitalo acreditando a súa pertenza a unha entidade cultural, ademais dunha fotografía tipo DNI. Tamén se informou hoxe de que este Carné do Teatro Jofre deberá renovarse cada ano.

VI Conspirando
por umha Radio Livre
9 Abril
Xoves, 5ª Feira
CONCERTO
Na pista polideportiva da Praza do Inferninho ás 22:00hs. e ás 18:00hs. Feira de Colectivos e Mercadinho de Troco [www.trocaferrol.org]
Retobato
Punk-Rock > [Trasancos]
Roger de Flor
Pop-Swing> [Trasancos]
Sacha na Horta
Fussiom> [Compostela]
Filispim 93.9 scoita!
filispina@gmail.com
www.opaii.blogspot.com
ESTAS FILISPINAS NOM SABEN ONDE SE METEM, ANDAM ARGALHANDO UMHA BACANAL EM PLENA "SEMANA SANTA"
INFERNAL FESTA NO INFERNINHO ESTE XOVES "SANTO", 9 DE ABRIL ÁS 20HS. ROGAREMOS POLO SANTO LIKOR KAFÉ E BAILAREMOS ATE REMATAR CO NOSO CORPO PECADOR.
ás 20hs. sairá do Inferninho unha bicicletada organizada pola Masa Crítica de Ferrol
Organiza: colectivo opaii!!

Actividades programadas:
Feira de Colectivos, a partir das 5 do serán.
Grupos de Base inscritos: AMNISTÍA INTERNACIONAL, ATENEO FERROLÁN, BRIGA, COLECTIVO OPAII! – RÁDIO FILSIPIM, COMITÉ CIDADA EMERXENCIA RÍA FERROL, ESPAZO LIBERTARIO, FUCO BUXÁN, FUNDAÇOM ARTÁBRIA, LENA ONG, LIBERA ONG, MARCHA MUNDIAL DAS MULLERES, REDE TROCO FERROL, SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL - GALICIA.
Por outra banda o Colectivo de Uruguayos en Ferrol instalarán un "tanque" donde asarán chourizos.

Festival de música:
A partir das 10:00 da noite, coas actuación de:
- RETOBATO (Punk Rock) – Ferrol
Máis info en: http://www.myspace.com/retobato
- ROGER DE FLOR E AMIGOS (Pop-Swing) – Fene
Máis info en: http://www.myspace.com/rogerdeflor
- SACHA NA HORTA (Fusión) – Compostela. Mais info en: http://www.myspace.com/sachanahorta

Programa de radio:
Dende o estudio de Rádio Filispim, 93.9 FM, programa especial coas voces dos protagonistas, durante e tarde noite do xoves 9 de abril.

Todos os actos na praza do Inferniño levaranse ao cabo baixo unha carpa, sendo a entrada aos mesmos de balde.



MARTES DE CINE

CICLO "CINEMAS DIXITAIS"

AS PROXECCIÓNS SERÁN OS MARTES ÁS 19:00HS. NO SALÓN DE ACTOS DO ATENEO FERROLÁN

A ENTRADA É DE BALDE. PRÉGASE PUNTUALIDADE.

Cinemas Dixitais, unha rede de exhibición alternativa. Este proxecto encamíñase a facer difusión de obras audiovisuais non comerciais ao longo da xeografía galega a través da súa exhibición dixital, á maneira do cinema tradicional, en teatros, auditorios, casas de cultura ou salóns de actos de diferentes vilas. *Axencia Audiovisual Galega,*

Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural da Consellería de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia.



CICLO ABRIL: Ciclo TELEFILMES

Tras uns comezos dubitativos a televisión estableceuse como unha forma popular de ocio logo da Segunda Guerra Mundial, sobre todo nos Estados Unidos de América. A súa aceptación inmediata e xeneralizada debeuse a unha serie de factores entre os que cómpre salientar o desenvolvemento dunha incipiente sociedade do benestar que se iría construíndo nas décadas seguintes. O carácter conservador da sociedade norteamericana fai que a televisión sexa un factor de esparexemento, xa que une a toda a familia arredor dela sen necesidade de se desprazar en busca doutros divertimentos. A televisión é imaxe e son, coma o cine, mais o seu maior aliciente era que se podía gozar desde a casa e, aínda por riba, de balde.

7 ABRIL: A ATLÁNTIDA (2005)

Directora: Belén Macías • **Guión:** B. Macías, T. Vilardell**,** M. Carranza • **Produtor:** J. M. Puigvert • **Música:** Xavier Capellas • **Fotografía:** Xavier Gil
Reparto: Nancho Novo, Manuel Lozano Obispo, Mercé Pons, Ana Wagener.
Argumento: A historia desta TV Movie xira en torno á protagonista, Victoria, que acaba de saber que lle queda pouco tempo de vida e a súa preocupación agora e arranxar o futuro do seu fillo adolescente, Mauro. Victoria, despois de moitos anos de non querer saber nada de Salinas, o seu ex marido e pai de Mauro, ponse en contacto con el para vender unha casa que teñen en común, a Atlántida.

14 ABRIL: AUTOPSIA (2005)

Directora: Milagros Bará Viñas • **Guión**: Milagros Bará Viñas • **Produtor**: Javier Valiño Vázquez • **Música**: Nani García Silva
Reparto: Jesús Cabrero, Luis Zahera, Isabel Blanco Picallo, Santi Prego.
Argumento: Daniel Casares é un mozo xornalista que se ve arrastrado inicialmente a aceptar un novo posto por indicación do seu xefe, e casualmente relaciona dous casos de asasinato sen resolver. O contacto con Amanda, a atractiva irmán dunha das vítimas, involucrarao máis na investigación. Con axuda do forense chegará ata os verdadeiros asasinos.

21 ABRIL: O PARTIDO (2006)

Director: Juan Calvo • **Guión**: X. A. Moure, Denis López, Juan Calvo • **Produtor/a**: Borja Pena, Emma Lustres • **Fotografía**: Ricky R. Morgade
Reparto: Antonio Durán ´Morris´, Carlos Blanco Vila, Antonio Dechent, Carlos Sante Varela.
Argumento: Unha fábrica do sector da metalurxia en problemas sofre un cambio importante cando a merca unha firma internacional . A situación vai a peor e xorde a idea de organizar un partido de confraternización.
Premio Mellor película para televisión outorgado pola Academia Española de Televisión no 2007

28 ABRIL: SECUESTRADOS EN XEORXIA (2001)

Director: Gustavo Balza Gámez • **Guión**: Ramón Campos, Xosé Morais • **Produtor**: Antón Reixa • **Fotografía**: Suso Bello • **Montaxe**: Toño López.
Reparto: Chete Lera, Carlos Blanco, Beatriz Santana, Celso Bugallo.
Argumento: Francisco Rodríguez e José Manuel Clavijo, dous empresarios españois, viaxan a Xeorxia coa intención de realizar o que en aparencia é un excelente negocio: comprar alí unha xoia que en España revenderán a un prezo alto.

CICLO MAIO: Ciclo FILMES ARABES

(V.O. SUBTITULOS EN GALEGO)

O propósito de Cinemas Dixitais é achegar ao público galego produción invisible, obras audiovisuais que non acceden ás plataformas tradicionais de distribución e exhibición. Nos dous primeiros programas este proxecto poñía en contacto co público obras galegas, mais, desde o comezo, non se quería circunscribir unicamente á produción autóctona. Baixo este prisma a Axencia Audiovisual Galega estableceu contacto con organismos similares doutros países. E atopamos un eco receptivo e inmediato na plataforma de divulgación do cinema árabe, o Festival Internacional de Cinema EuroÁrabe de Santiago de Compostela, AMAL. Así, facilitouse a decisión de decantarse pola primeira representación de cinema estranxeiro convidado a participar nos Cinemas Dixitais: o cinema árabe.

5 MAIO: CINTO DE LUME –Ring of Fire– (2004)

Director: Bahij Hojeij (Líbano)
Argumento: Beirut, outubro de 1985. A guerra está no seu apoxeo dende hai 10 anos. Mentres Chafic, un profesor de letras, comenta un texto de Albert Camus, un bombardeo acada a facultade. Aínda que o ataque dos obuses continúa, Chafic flirtea cunha estudiante descoñecida. Este encontro vai alterar a súa vida. Persuadido de que atopou a esperanza e a ledicia grazas a esta moza, lánzase á procura da «filla» na selva da cidade, que vive ao ritmo da vida e da morte.

12 MAIO: EN COCHE ATA ZIGZIGLAND –Driving to Zigzigland– (2006)

Director: Nicole Ballivian (EE.UU.-Palestina)
Argumento: Retrato da loita social do inmigrante árabe nos Estados Unidos despois do once de setembro. No taxi de Bashar viaxa un incesante fluxo de pasaxeiros que lle dan ao taxista árabe as súas versións de temas tales como os terroristas suicidas, George Bush, Cat Stevens, a guerra en Iraq, música, e a xeografía mundial. Bashar vai gañando a súa procura por facer cartos ata que se decata de que ten que escoller entre o Departamento de Seguridade da Patria e a súa familia.

19 MAIO: SOMBRAS NA NOITE –Night Shadows– (2006)

Director: Nasser Bakhti (Arxelia-Suiza)
Argumento: Xenebra, 24 horas da vida de cinco persoas das que ningunha encaixa na imaxe de tarxeta postal de Xenebra como cidade idílica. Unha crónica onde se cruzan e chocan os destinos de persoas locais e estranxeiras entre a dúbida, a dignidade, indiferenza, a violencia e a humanidade. Unha noite lle revela a cada unha delas o que intenta agochar ou non quere ver.

26 MAIO: DUNIA (2005)

Directora: Jocelyne Saab (Exipto-Líbano-Francia)
Argumento: Dunia é unha estudiante de poesía e bailarina da danza do ventre cuxa expresión artística está inhibida porque non pode experimentar desexo. Guiada polo Dr. Beshir, comeza unha busca obsesiva do éxtase na poesía, na danza e na música introducíndonos nunha sociedade que asemade fetichiza e oprime a sexualidade feminina. Finalmente, Dunia debe enfrontarse ás tradicións que destruíron a súa capacidade para o pracer antes de que o puidese experimentar.



Bossanova
Irassema
trío

Voz - Irassema
Guitarra - R.Berraquero
Baixo - A.Domínguez
Danza Oriental - Fanny
Flamenco Fusión - Eva Baumer

Coa colaboración especial de Marcos Mella

Sabado 11 Abril 09

TEATRO ATENEO FERROLÁN
Rúa Magdalena, 202 - 204 - Ferrol

- 20:00 -

Entrada: 3 euros



A nova grella filispiniana, inclúe o programa que realiza o **Ateneo Ferrolán**, «**Atenea**».

En principio, o programa terá unha periodicidade mensual, ainda que se a cousa funciona e a xente se anima, poderiamos chegar a semanal. Desde o **Ateneo Ferrolán**, facemos un chamamento aos socios e socias para que, se lles interesa, se animen a participar nesta nova actividade radiofónica e axuden a facer o programa.

O programa **Atenea**, emitirase en **Rádio FilispiM 93.9 da FM:**

Luns: 21:00hs. - 22:00hs. [Diferido]

Mércores: 19:00hs. - 20:00hs. [Directo] o próximo 22 de abril.

Sábados: 15:00hs. - 16:00hs. [Diferido]

Consulta a Grella Filispiniana:
http://www.opaii.blogspot.com/#grelha
e tamén: www.ateneoferrolan.org

Concerto de Guitarra Clásica
por Alba López Sánchez

Programa da Actuación do venres 3 no Ateneo Ferrolán
Fantasia X. Luys de Narvaez (c.1500 – 1555/1560)
A Fancy. John Dowland (1563 – 1626)
Sonates. Scarlatti (1685 - 1757)
Rossiniane nº2 Op.120. Mauro Giuliani (1781-1829)
Preludio, Fuga e Allegro. J.S. Bach (1685-1750)
ATENEO FERROLAN
Fundado en 1879

O VENRES día 3 de abril ás 20 horas,

concerto de guitarra clásica por ALBA LÓPEZ SÁNCHEZ

Alba López Sánchez (Ferrol, 1981) finaliza grao medio Loxse no Conservatorio Oficial de Música de Ferrol en xuño de 2001 na especialidade de guitarra clásica. En setembro do mesmo ano comeza os seus estudos de grao superior no COSMAC con Antonio Rocha e Rodolfo García rematando en xuño de 2005. Prosegue o estudo de interpretación guitarrística co concertista Ramón Carnota e en 2007 trasládase ao Conservatorium van Amsterdam para estudar con Lex Einsedhart un máster en interpretación. Durante o ano 2009 estuda tamén na Hochschule für Musik «Franz Liszt» en Weimar, Alemaña con Thomas Müller-Pering.

Perfecciona os seus estudos cos guitarristas Margarita Escarpa, Miguel Trápaga, Ana Jenaro, Gerardo Arriaga, Miguel Ángel Jiménez Arnaiz, Zoran Dukic, Carles Trepat, Alberto Ponce, David Russell, Alex Garrobé, Marco Socías, Ricardo Gallén, Carlo Marchione e Darko Petrinaj, asi coma cos compositores Jorge Cardoso e José Manuel Fernández.

Como solista participa na II, III e IV Mostra de Xoves Intérpretes de Vilagarcía de Arousa (2003, 2004 e 2006) e no Concerto Homenaxe á premio nacional de poesía Julia Uceda en Ferrol, (novembro de 2003). En música de cámara destaca o dúo coa soprano Patricia Rodríguez Rico e o trío de guitarras Banora cos que ofreceu varios concertos en localidades coma Ferrol, Vilagarcía de Arousa ou Laracha, así coma concertos didácticos en institutos de educación secundaria. En maio de 2008 é invitada a tocar no Ateneu Tatarasi en Iasi, Romania e Amsterdam. En xuño de 2008 dá un recital na Gallery Chief and Spirits na Haya.

Destaca tamén a súa participación no proxecto audiovisual «Mulheres na mitología» (concello de Fene, marzo de 2001) e no concerto «Mulheres a un tempo, tempo de mulheres» do concello de Ferrol en decembro de 2000.

Programa da Actuación no Ateneo Ferrolan

Fantasia X. Luys de Narvaez (c. 1500 – 1555/1560)

A Fancy. John Dowland (1563 – 1626)

Sonates. Scarlatti. (1685 -1757)

Rossiniane nº2 Op.120. Mauro Giuliani (1781-1829)

Preludio, Fuga e Allegro. J.S. Bach (1685-1750)



DO DÍA 16 AO 29 DE ABRIL

EXPOSICIÓN COLECTIVA PINTURA:
KALU
CHAPELA
FREIRE
A. SHECK
TENREIRO
M. ALVAREZ

VENRES, 3 DE ABRIL ÁS 20 H.

CONCERTO DE GUITARRA CLÁSICA
ALBA LÓPEZ SÁNCHEZ
(MÁIS INFORMACIÓN NA PÁXINA ANTERIOR)

Programa:
Fantasia X (Luys de Narvaez)
A Fancy (John Dowland)
Sonates (Scarlatti)
Rossiniane nº2 Op.120 (Mauro Giuliani)
Preludio, Fuga e Allegro (J.S. Bach)

SÁBADO, 4 DE ABRIL ÁS 20 H.

CONFERENCIA:
«As eleccións galegas de 2009: unha análise sociolóxica do seu significado político»

por FERMIN BOUZA (Presenta: XOSE LEIRA)

Fermín Bouza (Santiago de Compostela, 1946), Catedrático de Socioloxía (Opinión Pública) na Facultade de Ciencias da Información da Universidade Complutense de Madrid. Traballa sobre Opinión Pública, Comunicación Política e Socioloxía Electoral. E membro fundador de ACOP (Asociación de Comunicación Política) e forma parte da súa directiva. Tamén escribe textos literarios, particularmente en galego (o libro de poemas *Labirinto de Inverno*, en galego, foi Premio da Crítica Española). Publicou libros e artigos da súa especialidade (ver páxina de publicacións accesibles) e colabora en diversos medios sobre eses mesmos temas. Vive en Madrid desde 1969, onde chegou escapando da policía para evitar a deportación. Podedes visitar o seu blog: http://votoconbotas.trincheradigital.com/

MARTES, 14 DE ABRIL ÁS 20 H.

CHARLA - COLOQUIO:
«FERROL NA SEGUNDA REPUBLICA»
participan:
ELISEO FERNÁNDEZ
XOSÉ MANUEL SUÁREZ
Organizan: MEMORIA HISTÓRICA DEMOCRATIA e ATENEO FERROLÁN

SABADO, 25 DE ABRIL ÁS 20 H.

CONCERTO DA BANDA DE ROCK
96 GRADOS
Inmersos na promoción do seu primeiro traballo discográfico **«MAÑANA SALE EL SOL»** que se pode escoitar en www.96grados.es, ademais de presentar o disco reforzan o concerto con clásicos como: Eric Clapton, Pink Floyd, Police, Supertramp, etc.
EN FORMATO ACÚSTICO



Entendemos que este principio do século XXI representa para Ferrolterra a fin dun longo proceso industrial, ou dunha boa parte del. Logo de sucesivos períodos de alta e baixa actividade, parece que é unha evidencia irreversible que a construción naval civil na Ría de Ferrol deixará de ser como foi a actividade industrial principal e o motor do desenvolvemento desta comarca.

Admitido isto, con todos os matices e condicionamentos que queiran contemplarse pareceunos obrigado, no ATENEO FERROLÁN, presentar un resumo global desta espectacular historia nun singular entorno como é a Ría de Ferrol.

Ambicioso reto o que tiñamos diante, sobre todo para recoller e sintetizar todo un caderno con suficiente nivel profesional, técnico, didáctico e histórico. O nivel ofrécenolo os contidos aportados por un conxunto de colaboradores xa habituais destas publicacións periódicas da nosa Entidade.

Ao longo dos capítulos vaise facendo un relato e descrición do entorno tanto físico/xeográfico, como antropolóxico e social, así como unha análise do factor humano (Cultura do traballo) e o comportamento sindical. O corpo central dedícase ao relato específico da actividade, instalacións, grandes fitos históricos, procesos e evolucións até o tratamento final das crises.

Nesta presentación e na liña de máxima sintetización, o primeiro é agradecer profundamente a participación de todos cantos colaboraron na obra, os que figuran e os que non aparecen.





SABADO día 6 de XUÑO ás 20 horas.

ACTUACIÓN DE «ASSIRCOPATAS» COA SÚA MONTAGEM

EXPERIMENTO, CHAMÉMOSLLE OUTRA COUSA, OU NON LLE CHAMEMOS NADA. A XUNTANZA DE TODO ISTO É O QUE ASSIRCÓPATAS ENTENDE POR **SIRCO.**

SIRCO, RÚA, EXPRESIÓN, DIVERSIÓN, DIVERSIDADE, ABSURDO, LIBERDADE... ASSIRCÓPATAS PRETENDEMOS FACER UN CIRCO DENDE O NOSO, DENDE AS IDEAS, DENDE A RÚA, DENDE CERO.

Un sirco con seseo para unha rúa sen fronteiras, sen complexos, sen límites, sen lei. Buscamos atoparnos libres nun espazo onde cada vez é máis difícil sentirse así. Por iso...pretendemos un sirco e unha rúa libres e libertarios.

De todos os xeitos, este é o show que imos ver:
http://blogs.myspace.com/index.cfm?fuseaction=blog.view&friendID=391258936&blogID=435482291



montagem»circo laboral» unha traxicomedia laboral atemporal.
dous individuos condenados a non entenderse.
unha morea de equívocos.
e unha soa ferramenta para resolver o quebracabezas.
a **imaxinación......**ou o **viño.**

VENRES, 5 DE XUÑO ÁS 20 H.



INAUGURACIÓN DA EXPOSICIÓN COAS FOTOGRAFIAS SELECCIONADAS e LECTURA DO FALLO DO XURADO

O **Ateneo Ferrolán**, con motivo da celebración do **DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE**, organiza, como cada ano desde 1991, un concurso fotográfico para afeccionados e profesionais.

Podes descargar aquí as bases
www.ateneoferrolan.org

EXPOSICIÓN PERMANENTE (1ª PLANTA)

Esculturas
Gravados
Pinturas
Fotografías
Cerámicas...
os fondos patrimoniais do ATENEO FERROLÁN:

Agustín Ruiz de Almodóvar, Loureiro, Segura Torrella, Carmen Chacón, Manuel Patiña, González Collado, Jorge Llorca, Garaizábal, Morquecho, Laxeiro, Correa Corredoira, Juana Prieto, Juan Galdo, Mª Manuela, Carlos Villaamil, Xan Xosé Braxe, José Leyra Domínguez, Tomás Barros, Ricardo Pena, Luis Jaime, Spella Trobec, Luis Rapela, Alba Leal entre outros moitos.

CÍRCULO DE PENSAMENTO "CIRPÉN" no ATENEO FERROLÁN

A filosofía é a ciencia que trata da esencia, propiedades, causas e efectos das cousas naturais.

Círculo de pensamento filosófico do Ateneo. Reúnense un bo número de persoas a reflexionar sobre as distintas realidades da vida, profundizando nelas, en busca da razón.

Para máis información sobre:
CERTAMES, Bases de CONCURSOS, CONVOCATORIAS, etc na nosa páxina web:
www.ateneoferrolan.org



27 DE MARZO DE 2009 DÍA MUNDIAL DO TEATRO

International Theatre Institute ITI
www.iti-worldwide.org / iti@unesco.org

O ATENEO FERROLAN como cada ano, celebra o Día Mundial do Teatro con diversas actividades relacionadas co mundo das artes escénicas, e a publicación da MENSAXE INTERNACIONAL, este ano escrita por ***Augusto Boal***

"Todas as sociedades humanas son *espectaculares* na súa vida cotiá, e producen *espectáculos* en momentos especiais. Son *espectaculares* como forma de organización social, e producen *espectáculos* como este que vostedes viñeron a ver.

Malia que inconscientemente, as relacións humanas estrutúranse de forma teatral: o uso do espazo, a linguaxe do corpo, a elección das palabras e a modulación das voces, a confrontación de ideas e paixóns, todo o que facemos no escenario facémolo sempre nas nosas vidas: nós somos teatro!

Non só as vodas e os funerais son espectáculos, senón tamén os rituais cotiáns que, pola súa familiaridade, non nos chegan á consciencia. Non só *pompas*, senón tamén o café da mañá e os bos días, os tímidos namoramentos, os grandes conflitos pasionais, unha sesión do Senado ou unha reunión diplomática; todo é teatro.

Unha das principais funcións da nosa arte é facer conscientes eses espectáculos da vida diaria onde os actores son os propios espectadores e o escenario é a platea e a platea, escenario. Somos todos artistas: facendo teatro, aprendemos a ver aquilo que resalta aos ollos, pero que somos incapaces de ver ao estarmos tan habituados a miralo. O que nos é familiar convértese en invisible: facer teatro, pola contra, ilumina o escenario da nosa vida cotiá.

En setembro do ano pasado fomos sorprendidos por unha revelación teatral: nós pensabamos que viviamos nun mundo seguro, a pesar das guerras, xenocidios, hecatombes e torturas que estaban acaecendo, si, pero lonxe de nós, en países distantes e salvaxes. Nós, que viviamos seguros co noso diñeiro gardado nun banco respectable ou nas mans dun honesto corredor de Bolsa, fomos informados de que ese diñeiro non existía, era virtual, fea ficción dalgúns economistas que non eran ficción, nin eran seguros, nin respectables. Non pasaba de ser mal teatro con triste enredo, onde poucos gañaban moito e moitos perdían todo. Políticos dos países ricos encerrábanse en reunións secretas e de aí saían con solucións máxicas. Nós, as vítimas das súas decisións, continuabamos de espectadores sentados na última fila das bancadas.

Vinte anos atrás, eu dirixín *Fedra* de Racine, en Rio de Janeiro. O escenario era pobre: no chan, peles de vaca; arredor, bambús. Antes de comezar o espectáculo, dicíalles aos meus actores: «Agora acaba a ficción que facemos no día a día. Cando crucemos eses bambús, alá no escenario, ningún de vós ten dereito a mentir. O Teatro é a Verdade Escondida».

Vendo o mundo, ademais das aparencias, vemos opresores e oprimidos en todas as sociedades, etnias, xéneros, clases e castes, vemos o mundo inxusto e cruel. Temos a obriga de inventar outro mundo porque sabemos que outro mundo é posible. Pero atínxenos a nós construílo coas nosas mans entrando en escena, no escenario e na vida.

Asistan ao espectáculo que vai comezar; despois, nas súas casas cos seus amigos, fagan as súa obras vostedes mesmos e vexan o que xamais puideron ver: aquilo que salta aos nosos ollos. O teatro non pode ser soamente un evento, é forma de vida!


Actores somos todos nós, e *cidadán* non é aquel que vive en sociedade: é aquel que a transforma!"



XIX CONCURSO INTERNACIONAL DE GAITA GALEGA “CONSTANTINO BELLÓN” 2009

Xá están disponibles as novas bases e a partitura obrigada para a XIX edición do **«Constantino Bellón»**, que se celebrará o **30 e 31 de Agosto de 2009**.

Novas Bases
http://sites.google.com/site/ateneoferrolan/Home/Bases19ConstantinoBellon2009.pdf
Partitura en Pdf
http://sites.google.com/site/ateneoferrolan/Home/Patapau.pdf
Partitura en Encore
http://sites.google.com/site/ateneoferrolan/Home/Patapau.enc



O «Constantino Bellón» foi creado polo ATENEO FERROLÁN, no ano 91, para servir como unha plataforma de expresión e presentación de novas pezas e autores, e para axudar a manter e potenciar a nosa música tradicional de gaita galega. Isto, fixémolo baixo a figura dun concurso de composición e interpretación de gaita que pretende manter o xeito de tocar a GAITA GALEGA con xiros e técnicas propiamente galegos.

Dentro desa liña, quixemos imprimirlle unhas características propias e coherentes cos seus obxectivos. Así, o «Constantino Bellón» é coñecido polo estrito das súas Bases, que están a convertelo na plataforma máis representativa e garante da nosa música de gaita. Outras das características de seu, son o propio nome e o logotipo do Concurso, realizado cun dos debuxos máis representativos do pintor LUÍS SEOANE, coa tradicional figura do gaiteiro galego que vai impresa en toda a publicidade, así como nunha peza de cerámica, elaborada por Sargadelos e que se entrega a todos os gaiteiros finalistas e ás entidades colaboradoras.

Entendiamos que o «Constantino Bellón» debería de xogar un papel representativo de Ferrol polo que, as súas edicións veñen a realizarse, dun xeito ininterrompido, o día 31 de agosto, como data significativa na nosa cidade.

No apartado de colaboracións conseguimos as máis representativas, como as das institucións públicas: Concello de Ferrol, Deputación Provincial e Xunta de Galicia, complementadas a nivel privado coa participación de Sargadelos, co seu significado de industria comprometida na defensa da cultura galega.

Dende a 6ª edición, no ano 96, introduciuse unha variación moi importante como é a participación de catro gaiteiros das **Comunidades Galegas do Exterior**. Esta novidade foi posible grazas á aportación da Secretaría Xeral de Emigración que financia os gastos derivados da participación dos mesmos. Neste sentido, engadiuse como *Punto nº 5 das Bases do “Constantino Bellón*, o **Premio “Gaiteiro de Soutelo”**, acadando co mesmo unha presenza en todo o mundo galego, por medio dos envíos de publicidade e gravacións do mesmo, a todos os centros galegos do país e da diáspora. Tamén, e dende o **ano 2004** engadiuse o *Punto nº 9 das Bases do “Constantino Bellón) o* ***Concurso de Composición para Gaita Galega Solista.*** Evento ao que lle dedicamos un día máis na **celebración o día 30 de agosto**.

Tamén, dende o ano 2008 engadiuse ao Punto nº 5 das Bases do “Constantino Bellón) referente ao Gaiteiro de Soutelo, o Premio Seivane, que consistirá nunha gaita feita e personalizada especialmente para esta edición que será concedida a aquel concursante que, a xuízo do xurado, mellor defina, tanto na súa presenza como na súa interpretación, a imaxe tradicional do gaiteiro.



Obstáculos educacionais para a saída da marxinalización na periferia dunha megacidade

CRONICAS: ENSINO PÚBLICO NA FAVELA (1)

À Vera, sua família e á Cíntia, que com seu esforço lutam por melhorar as condições de alunos favelados; a moitos trabalhadores honestos e competentes da DSul-3; ao Carlos Antônio, ao Valdemar, ao Tiquinho e à Petu, entre outros, que sofreram, e sofrem, a ineficácia de um sistema porque não têm "grana"; e ao Gordinho, in memoriam.

por Carlos Castro Pinhão



Mapa de São Paulo, Subprefeitura da Capela do Socorro.



O que aquí se conta é un resumo da observación do funcionamento do sistema educativo estadual durante quince meses, entre xaneiro de 2007 e abril de 2008, nunha escola de favela no sur de São Paulo. Nel ofrécense algunhas razóns e condicionantes que prolongan a situación de marxinalidade de grupos humanos para os que a educación non é un recurso que vai outorgar unha "chance" de mellora nas súas vidas, e nos que a escola de favela será principio e final, nunha abraiante porcentaxe de casos, ao seu contacto co estudo.

A observación, como é lóxico, é persoal mais desde dentro da rede de ensino estadual. A análise, sen pretensións socio-educativas, é unha reflexión sobre dificultades que eu mesmo sufrín, obstáculos colocados desde a base da educación, carencias estruturais e infraestruturais que se perciben, e sobre os esforzos de persoas entregadas en corpo e alma para abrir unha xanela pola que entre aire fresco nos barrios favelados. Baséase tamén nas miñas lecturas sobre a lexislación educativa brasileira, as visitas á *Diretoria de Ensino* para asistir ás reunións de directores e secretarios de escola, acompañando á miña directora, ou en representación dela. Atenden ás moitas conversas que mantiven con membros dos departamentos da DE á que miña escola pertence, fundamentalmente de *Planejamento*, *Pagamento* e *Pessoal*, onde puiden ver moitas vidas laborais de profesores. Igualmente, fundaméntase nas charlas que tiven con varias supervisoras de ensino e ás innumerables que tiven con profesores, persoal administrativo e de servizos de distintas escolas da capital paulista. Tamén con policías das roldas escolares, cos alumnos e familias, case todos eles favelados. Algún como o Luciano, asasinado brutalmente na beira da Billings en xullo de 2007; ou como o Miltinho, coa ameaza de morte nas súas costas; outros que infelizmente, por estatística, non vivirán moito; aínda aqueles que soñaron cunha bicicleta mais que o seu primeiro brinquedo foi un arma de fogo; uns pequenos ladróns; outros traficantes; e sen prescindir dos fillos inocentes de bandidos, xefes do PCC, donos destes *becos*. A maior parte deles, mesmo que vaia esquecendo os seus nomes co paso do tempo, ficarán perennemente nunha das miñas experiencias de vida máis intensas.

Vivir en São Paulo significa, por necesidade adaptativa, mudar os conceptos espazo-temporais máis esenciais, os do día a día. Unha cidade fantástica, inabarcable desde case calquera perspectiva, rebordada de todo tipo de ofertas, frecuentada polos mellores espectáculos anuais do mundo, chea de contrastes desproporcionados nos que a bohemia de barrios como Vila Madalena, a correría da Avenida Paulista, corazón financeiro de América do Sur, ou o até hai pouco tempo –como foco de consumo– centro comercial máis grande da citada área xeográfica americana, o Shopping Ibirapuera, opóñense aos case 1.600 espazos, arredor de 32 Km2, de barracas que albergan a unha parte significativa da poboación paulistana. Unha cidade e súa área metropolitana, o chamado ABC (Santo André, São Bernardo do Campo e São Caetano do Sul), de 19 millóns de habitantes, o terceiro núcleo urbano máis poboado do mundo, con barrios, como no que eu morei, Santo Amaro,



fundado antes da propia capital, integrado na municipalidade paulistana no 1933, con 300 mil habitantes (máis que A Coruña), e favelas como Paraisópolis, preto do Estadio do Morumbi, con 80 mil moradores (máis que Ferrol). Unha noticia publicada o domingo 12 de xullo de 2007 no xornal *O Estado de São Paulo*, o popularmente coñecido como *O Estadão*, revelaba un informe realizado pola alcaldía da cidade en cooperación coa organización internacional financiada polo Banco Mundial, Alianza para as Cidades. Na mesma afirmábase que a maior metrópole industrial da América do Sur espallaba unhas 400.000 familias, entre 1,6 e 2 millóns de individuos, o que supuña un incremento do 38% de habitantes da cidade nestas condicións nos últimos tres anos. Números aberrantes, lonxe aínda dos da cidade máis favelada porcentualmente do Brasil, a norteña Pará, capital do estado de Belém, na que o 35% da poboación, máis de medio millón de persoas, moran nestas condicións de desestructura.



Interor da favela

Desde o *brado retumbante* do futuro emperador Pedro I, *"Independência ou morte!"*, que *ouviram do Ipiranga as margens plácidas*, aquel suposto 27 de setembro de 1822, os distintos gobernos brasileiros deixaran moitas contas pendentes co pobo. A vertebración harmónica da industrialización do país, o reparto racional da propiedade da terra, a eliminación da pobreza, a protección das culturas indíxenas e seus espazos de nomadeo nacionais e internacionais, o desenvolvemento de políticas ecolóxicas para a protección do medio ambiente e, loxicamente, a educación e a redución da taxa de analfabetismo, entre outras, poden ser, desde un punto de vista progresista e humano, as máis evidentes. A chegada do *Partido dos Trabalhadores* (PT) ao poder iniciou un camiño complicado para tornar o Brasil *um sonho intenso, um raio vívido*. A chegada dun goberno manifestamente de esquerdas foi unha novidade que, entre outras cousas, significaba quebrar as etapas posteriores a case vinteún anos de ditadura (1964-1985) marcadas por feitos singulares como a estraña morte do primeiro presidente da nova era de liberdade, Tancredo Neves, do *Partido do Movimento Democrata Brasileiro* (PMDB), subitamente enfermo no día anterior á toma de posesión, substituído polo seu vicepresidente, José Sarney, máis da confianza dos militares (1985); desfacer tendencias políticas destrutivas e delituosas como as do alcumado por George H.W. Bush como *Indiana Jones da América Latina*, o nordestino Fernando Collor de Mello, actualmente senador por Alagoas do conservador *Partido Trabalhista Brasileiro* (PTB) despois dunha inhabilitación de oito anos ao demostrarse, no Congreso, a súa rede de corrupción presidencial que levou ao país a un dos maiores descréditos internacionais e crise económica interna (1992); ou das neoliberais do Fernando Henrique Cardoso, do *Partido da Social Democracia Brasileira* (PSDB) que, certo é recoñecelo, detivo con métodos agresivos tres décadas salvaxemente inflacionistas, desenvolveu o inicialmente chamado *Plano Bacha*, para subverter esa tendencia económica crítica, e trocou a moeda, o *cruzeiro* polo *real*, sendo ministro de Facenda no goberno de Itamar Franco (1994).

A breve introdución pode dar a entender as dificultades internas para desenvolver proxectos de carácter nacional no ámbito que sexa. Sen dúbida, calquera Administración gobernamental brasileira debe afrontar problemas como as inercias dos comportamentos políticos insáns; as actitudes xeneralizadas e institucionalizadas tamén no pobo para resolver conflitos ao *jeitinho brasileiro*, que non é outra cousa que achar solucións temporais, ás veces nin iso, para encubrir erros sen eliminalos; a falta de preparación do monstro burocrático ocupado por técnicos que descoñecen a actualidade das normas, desinforman, atrapallan, atrasan e aínda mandan os problemas a outros departamentos da Administración sen que o cidadán atope o camiño; a propia dimensión subcontinental do país que fixo ao Lula falar que Brasil precisaba de seis presidentes para ser gobernado; as desigualdades económicas desmesuradas, individuais e territoriais que incluso levaran, no segundo


Corredoira na favela



caso, a movementos revolucionarios secesionistas nos estados do sur; a existencia de clases medias desmotivadas; a de familias económicas, e de sangue, enquistadas nos partidos, nos gobernos estaduais, nas alcaldías ou *prefeituras*, que miran con hostilidade aos pobres das cidades –como se fala no devandito informe publicado en *O Estadão*–, nun país no que a propia clase política actúa, ás veces, cun necio carácter corporativista, ollando para o lado que menos cheira cando o fedor se volve exquisito, e no que os pactos para a estabilidade política no goberno do Planalto permiten saídas dignas a presidentes do Senado, terceiro cargo xerárquico da República, que usaran para beneficio propio o poder do *status* violando a ética parlamentaria, como no caso do tamén alagoano Renan Calheiros (2007), do PMDB, principal aliado do PT.

No relativo á educación, durante o goberno de Cardoso, no 1996, foi elaborada a *Lei de Diretrizes e Bases da Educação* (LDB), baseada no principio universal da educación para todos, e na que se establecían unhas garantías para desenvolver, de facto, o dereito e a obrigación de estudar. Coa Lei 9394/96 a escola tornaríase un espazo de participación social, na que valores como o respecto á pluralidade, a formación cidadá e a importancia da educación enfeitaban o discurso. Dentro dos aspectos máis demagóxicos da mesma marcábase como meta, sen metodoloxía social efectiva para ser executada, a calidade para a educación básica. Escolas e Secretarías de Educación organizaríanse mellorando a atención dos alumnos, crearíase unha base de relación directa e interactiva sobre a que as familias se apoiarían, e para conseguir un nivel de homoxeneidade para toda a República, analizaríanse os municipios con baixos indicadores de ensino nos que se formarían grupos de asesores e acompañamento co obxectivo de modificar eses resultados. Para facer efectiva a LDB, en abril de 2007, o presidente Luiz Inácio Lula da Silva lanzou o *Plano de Desenvolvimento da Educação* (PDE), no que se pide unha maior colaboración familiar, implicando aos pais no seguimento escolar dos seus fillos, solicitándolles esixiren ás escolas acabaren coas falencias educativas. Así, incrementáronse as partidas do *Programa de Dinheiro Direto na Escola* (PDDE) que son entregadas a aquelas que melloran os rendementos dos alumnos e rebaixan as taxas de repetidores e evasión escolar. Boas ideas, tal vez, mal executadas. Logo das reunións mantidas polos Dirixentes de Ensino cos directores de escolas das súas rexións, en relación á política expresa no atraente PDDE, estes últimos percibiron claramente que aquilo só podería disimular a realidade educativa dun país que seguía sen atopar solucións. O PDDE é un prato apetecible para aumentar os ingresos das escolas *falsificando* aprobados, un xeito de mellorar estatisticamente a eficacia educativa do país a baixo custo, pois o principal, a reforma educativa de infraestruturas escolares e a formación dos profesores, con custos maiores no económico e no político, non ía ser acometida desde o *Plano*.


Rúa no interior da favela

A educación pública infantil, fundamental e media está baixo a responsabilidade de distintas Administracións en cada un dos 26 estados e o Distrito Federal. Como se pode supor, os programas e as disciplinas non son idénticas en cada administración territorial, e os formatos de documentos tampouco están unificados polo que, desde o rigor administrativo, a avaliación da veracidade dos mesmos, nun país no que aínda se tentan comprar títulos, provoca un problema engadido.

SÃO PAULO FAZ ESCOLA

Na capital paulista a educación pública infantil depende do Concello, a fundamental está compartida entre escolas dependentes do goberno do Estado de São Paulo (Escolas Estaduais) e outras municipais. O grande avance nesta área produciuse na etapa de goberno da alcaldesa Marta Suplicy (PT), creando os *Centros de Educação Unificada* (CEU) en áreas periféricas da cidade. Ademais de gardería (*creche*), *Escola Municipal de Educação Infantil* (EMEI) e *Escola Municipal de Ensino Fundamental* (EMEF), están deseñados para dinamizar a vida socio-cultural de barrios posuíndo comedores, biblioteca, salón de actos para representacións teatrais e cinema, pavillóns polideportivos, piscinas e outras áreas de lecer. Tomando modelos infraestruturais de escolas do xénero nos Estados Unidos, o proxecto comezou no 2001. O Ensino Medio depende do goberno estadual. A pirámide educativa do goberno do Estado (non confundir co Federal de Brasilia) ten na cimeira, por baixo do Gobernador, José Serra (PSDB), á *Secretária de Estado de Educação*, Maria Helena Guimarães de Castro, que tomou posesión do cargo na segunda metade de 2007. Dela dependen as *Diretorias de Ensino Regionais*, vulgarmente coñecidas como DE, que en São Paulo Capital son trece, rexidas cada unha polo seu *Dirigente* desde as que se direcciona e coordina o traballo cos directores de cada unha das escolas estaduais das súas áreas. Están distribuídas tres no centro (unha delas centro oeste), cinco no leste, dúas no norte e tres no sur. A miña escola de traballo pertence á *Sul 3* á que están adscritas outras 106, de censo desigual. O *Dirigente*, xa fóra do cargo despois de múltiplos cuestionamentos, era Samuel Alves dos Santos. As escolas estaduais (EE) teñen un equipo reitor formado por un director, un ou dous *vice-diretores* –dependendo do número de salas de aula ocupadas– e, atendendo ao mesmo criterio cuantitativo, un ou dous *coordenadores pedagógicos*. Na área administrativa, un secretario do que dependen un número indeterminado de funcionarios de oficina, e na área de servizos,




Pista polideportiva da esola

un ou dous cociñeiros, un ou dous *inspetores de alumnos* (bedeis), e un número indeterminado de persoal encargado da limpeza ou de obras. No 2007 o PDDE destinaba 6.000 reais por mes ás escolas con maior censo de alumnos, como a miña, para contratar este tipo de traballadores. Se unha escola contratar un mínimo de quince co salario mínimo de comezos dese ano (350 reais), non podería facer o pagamento dos operarios, impostos incluídos, de todo ese cadro de persoal, agás que foran a maior parte "prestadores" de servizos autónomos, sen dereito a vacacións nin compensación por despedimento, ou que se conformaran en cooperativa de traballadores, o que tamén lles reduciría as súas prestacións socio-laborais. A miña escola, Jadim Moraes Prado-II, está no sur da subalcaldía (*subprefeitura*) da Capela do Socorro, no distrito do Grajaú, próxima a un dos dous acuíferos que abastecen a capital, a represa Billings, que tamén o fai á cidade de Santos.

A mesma ten preto o CEU Três Lagos e a EMEF Dr. Manoel de Abréu, compartindo espazo, entre muros, coa estadual de Ensino Fundamental de 1ª a 4ª serie, Moraes Prado-I, popularmente, 3*o Moraezinho*. É frecuentada por alumnos desde 5ª a 8ª serie do Ensino Fundamental, das tres do Ensino Medio e dos tres cursos nocturnos de *Educação de Jovens Adultos* de Ensino Medio (EJA) que moran nos barrios favelados do Jardim Moraes Prado, Jardim Três Corações e Mangue Seco. Unha gran parte de moradores son de orixe nordestina, procedentes dos estados de Bahía, Alagoas, Sergipe, Pernambuco e Paraíba, e neles, principalmente de cidades do interior, economicamente deprimidas, próximas a un dos territorios máis agrestes e duros do Brasil, tan ben recollidos polo cineasta Glaube Rocha, o deserto do Sertão. Esta área de favelas, cando a violencia se manifesta na capital, é colocada pola policía no nivel 1 de perigosidade, pois afirman ser territorio do *Primeiro Comando da Capital* (PCC, ou tamén chamado 15.3.3, pola orde das letras do alfabeto portugués excluíndo o K). O PCC é un grupo organizado nacido en 1993 no *Centro de Rehabilitação Penitenciária do Taubaté*, coñecido como *Piranhão*, a uns 130 quilómetros da capital do estado, na altura o cárcere de seguranza máis sofisticado do territorio paulista. O PCC naceu para ofrecer colaboración mutua entre presos perigosos e vingar *o massacre do Carandiru*, o 2 de outubro de 1992, cando a Policía Militar matou 111 presos no pavillón 9 da extinta cadea do nordeste da Capital. Os feitos inspiraron ao médico voluntario do penal, o oncoloxista Dráuzio Varela, a escribir o suceso editorial *Estação Carandiru* (Ed. Companhia das Letras, 1999), e no 2002 ao filme do arxentino-brasileiro, Héctor Babenco, *Carandiru*, que até o recente *Tropa de Elite,* do José Padilha (2007), fora o nacional con maior recadación nas billeteiras. O PCC ten estatuto propio, está declarado ilegal, liderado por presos altamente perigosos e xunto con outros grupos do Rio de Janeiro como o *Comando Vermelho*, son donos da maior parte de postos de venda de droga nas súas cidades ademais de vinculados a organizacións militares como as *Fuerzas Armadas Revolucionarias de Colombia* (FARC), ás que compran armamento que lles permite enfrontar accións contra a Policía Militar brasileira, ou conectados aos *carteles* narcoterroristas do arco andino. Se as accións do PCC estouraren na capital, como aconteceu a mediados de 2006, as escolas da favela fican fechadas.

Para ir á escola, unha vez chegados á parada de bus máis próxima, hai que atravesar unha rúa que abeira, pola parte máis elevada, o núcleo favelado. É unha rúa sen saída que no final alza o portón de entrada. O recinto de aulas ten unha planta térrea e un primeiro andar que alberga, en tres quendas, un total de 1.800 alumnos, repartidos de xeito rotatorio en doce salas de aula, cun cadro de persoal variable duns 77 profesores. Cando cheguei éramos tres funcionarios de oficina, sen secretario, e oito traballadores para limpeza, cociña e vixilancia. En maio de 2007, e durante dous meses, sufriu unha reforma exterior que, á vista do visitante, puña fin á última e máis grande escola de estilo *Nakamura*, ou para entendérmonos mellor, de lata, do sur da capital (agora, xunto con outras 36 do estado, pasaba a ser unha escola de aulas de lata porque a reforma interior non se acometera). No exterior, dentro do recinto amurallado, ten un espazo que os profesores usan como estacionamento, e unha pista polideportiva descuberta de pequenas dimensións. Un na entrada e dous sobre a pista eran os únicos puntos de luz que iluminaban a noite, estando case sempre quebrado o primeiro polas accións dos favelados que sentían maior protección dentro da escuridade. As tres quendas, cos seus recreos, merendas e ceas, teñen horarios entre as 7,00 e as 12,20, para os adolescentes de 7ª e 8ª series do Fundamental, e a metade dos matriculados nas 1ª, 2ª e 3ª do Medio; das 13,00 ás 18,20 para os máis novos, de 5ª e 6ª do Fundamental, por razóns de seguranza; e das 19,00 ás 23,00 para o resto. Moitas escolas como esta, situadas en áreas conflitivas, fican sen dirección nas últimas horas da xornada, ao arbitrio de profesores e estudantes, en casos do coordinador pedagóxico do período nocturno, que non poucas veces deciden suspender as aulas e pechar a escola antes da hora malia os protestos dos alumnos do EJA. As anteriores direccións da EE Jardim Moraes Prado-II instauraran tamén esta deficiencia até a chegada da directora coa que traballei, Vera Eunice de Jesus Lima, que obrigaba escrupulosamente a cumprir o horario, fechando ela mesma o portón non poucas veces pasadas as 23,30 horas.

(Continuará) 



"A LINGOA, SANLE DO ESPRITO"

POR

RAMON PIÑEIRO

Artigo publicado en 1959
e editado no
Especial VIEIROS
de A Nosa Terra en 1989

Pra que unha coleitividade huma teña a categoría de pobo, pra que teña unha unidade intima e trascendente, ha de ter unha ialma de seu. E un pobo ten alma de seu cando posee "idioma", cando fala nunha língoa propia, que tal e o que siñifica a palabra idioma.

A língoa ven a ser a ialma viva do pobo que fala, ven a ser a sua comunidade esencial. Entre todol-os faitores de naturaleza comunal que gobernan a vida social, a língoa e o mais espontáneo, o mais intimo e tamén o mais común e duradeiro.

O mais espontáneo porque espresa o curso inmediato da vida anímica, tanto individual coma coleitiva, que na palabra faise luz.

O mais común porque a necesidade intima de comunicación abrangue a totalidade da comunidade social. A convivencia basase na comunicación, no intercambio de ideas e sentimentos, que mesmo e a función esencial do idioma.

O mais duradeiro porque goza de unha estabilidade dinamica, viva, superior a dos demais faitores da cohesión social.

Cando un pobo crea unha lingoa de seu, dalle expresión, dalle vida fecunda a comunidade de ideas e sentimentos. Unha lingoa propia manifesta unha espritoalidade propia, unha comunidade vivencial peculiar.

A forma de convivencia típica dos pobos a a convivencia fraternal, a participación en común – a comunion – en algo tamén común. Hai unha forma primaria de fraternidade, que e a fraternidade étnica, basada na comunidade de sangue. Pro hai tamén unha fraternidade superior, unha irmandade espritoal, basada na comunidade de lingoa. A lingoa ven a ser, xa que logo, algo asi como un sangue do esprito, un sangue espritoal que vivifica e imprime identidade familiar a todol-os que a falan.

Como si se tratase de unha impalpabel cadea anímica, a lingoa cingue en irmandade espritoal única a cantos a falaron no pasado, a falan no presente e a falaran no futuro. En cada intre do tempo a lingoa conserva e amostra, convertidas en palabras – que veñan a ser coma vivas arquiñas sonoras – todal-as esperiencias espritoas dos que a foron creando no pasado; recolle e asimila todal-as que lle incorporan os que a falan na aitualidade; i entrégalle todo iste caudal espresivo, todo iste inmenso tesouro espritoal, arrequecido sin descanso por sucesivas xeneracions, a cada un dos que comenzan a deprendela cada día.

Veleiqui un tesouro, un ben, que sendo obra de todos, presentes e pasados, donaselle enteiro a cada novo ser que chega a comunidade. E un herdo espritoal que lles pertence por igoal a todol-os que nacen no mesmo eido idiomático. Con il, cada un recibe o legado coleitivo de cantos pertenceron o mesmo pobo. E aínda se pode decir que e o único herdo que verdadeiramente recibe da totalidade histórica do seu pobo. Nil están latexando, acochadas no amago de cada palabra, as arelas, as emo-



cións, as espranzas, as tristuras, os pensamentos, as dubidas ... a vida espritoal enteira de cantos o precederon. Pol-a posesión do idioma entra o home en comunicación intima e trascendente con todol-os contemporáneos, con todol-os antepasados e con todol-os sucesores que o longo do tempo formaron, forman e formaran, a unidade histórica que il chama "o meu pobo".

Pol-o idioma entra en comunicación – i en comunion – con isa totalidade huma que constituie unha irmandade espritoal que constituie un pobo. Por iso todo home nado de boa caste, sempre sentira amor e sagro respeto pol-o seu idioma.

Ademais de ser o vencello esencial entre o home e mais a sua comunidade, o idioma tamén xoga un papel decisivo na formación da personalidade espritoal do home mesmo, pois sin a lus que as palabras lle infunden no esprito, estaría eternamente condenado a vivir atoutiñando na escuridade intra individoal. Isa riquísima fartura de esperiencias humas as que a lingoa lles da trasparencia ouxetiva, ven a ser coma un espello ideal no que o home vai pouco a pouco identificándose a si mesmo. I e que o home pasa do reino do natural o reino do espritoal mesmamente por medio da fala. Nasce no mundo biolóxico e moi axiña, talmente segundo vai deprendendo a falar, comenza a ascender o mundo do esprito. As novas palabras que vai deprendendo veñen a ser como as invisíbeles que xurden dentro do seu ser, e o que elevan o reino do conocemento, da lus, da libertade: o reino do home, o mundo especificamente human. E si no mundo biolóxico necesita da nutrición orgánica pra a subsistencia e desenrolo, tamén pra o seu desenrolo espritoal necesita mantenza, que a atopa no idioma, porque o esprito soio se mantén de sustanza espritoal. Así, pra o esprito do home son bocados de pan as palabras do seu idioma, e iste, o camiño estrelado que o leva dende a escuridade biolóxica inicial hastra o mundo lucidio do pensamento e da libertade.

Un idioma e sempre unha creación coleitiva, a meirande creación de todo pobo; creación incesante, decote anovada, na que se vai plasmando o mundo espritoal da comunidade que lle da alento. O esprito coleitivo do pobo faise forma viva no idioma, que e de todos, que e patrimonio comunal, mais que emporiso añida no interior de cada un, de onde van saíndo e saíndo palabras que, revoando perenemente de boca en boca, levan e traen a intimidade de cada home rente da dos demais, mesmo como si as palabras fosen moedas maravillosas acuñadas coa quentura aloumiñante de todol-os beizos da comunidade idiomática. Forman, o cabo, a espresion ouxetiva disa constante inter-comunicacion en que descansa a vida dos pobos.

Cada pobo crea a fala o seu idioma propio. Si os idiomas son entre si distintos, e porque tamén cada pobo ten un mundo espritoal propio e ise mundo espritoal crea il mesmo a sua linguaxe espresiva, ou seña, o seu idioma. Iste idioma feito con sustanza espritoal da comunidade que o fala, transfúndelle tal sustanza a cada novo ser human que o desprende. Así, cada un nútrese, dende o comenzo, da sustanza espritoal do seu pobo, a través de unha autentica, de unha verdadeira comunion. Os que son irmáns na lingoa son tamén irmáns no esprito. Por iso resultara sempre que toda persecución a un idioma, veña de onde veña, será un crime espritoal do que han de arrenegar todal-as almas nobres.

O noso pobo, o pobo galego, soupo crear o seu propio idioma. Si a nos se nos distingue como unidade peculiar entremedias da familia europea, e talmente gracias o idioma. Non e pol-a nosa soberanía política, nin pol-a realización de grandes feitos históricos coleitivos, nin pol-a posesión e utilización de grandes riquezas económicas que repercuten no mercado internacional. O que verdadeiramente nos singulariza, o que nos da personalidade definida e caraiterizada diante dos alleos, e o idioma, ou seña, o esprito; ise esprito xenuinamente noso, que se refrexa fidelisimamente na lingoa galega. Poderían, nunha gran treboada histórica, queimar todol-os documentos do noso pasado sin deixar un; poderíannos arrepañar os bens económicos e condenarnos a unha meirande pobreza; poderían estordegar toda a nosa estroitura social de maneira violenta; poderían, si se quer, encarcelar milleiros ou ducias de milleiros de irmáns nosos ... Con todo, mentras que nos nosos beizos resoasen decote as palabras do idioma galego con toda a sua cadencia intima, Galicia continuaría a ser un pobo, unha irmandade espritoal indestruitíbel.

O idioma galego e o herdo que nos percibimos de todol-os nosos antepasados, e que nos foi transmitido de xeneracion en xeneracion o longo dos séculos. Il garda en si a mais outa creación, o meirande titulo de groria de toda a comunidade galaica de todol-os tempos. Porque esta por enriba das diverxencias ideolóxicas e das loitas de intereses; quen perseguir o noso idioma perseguira a ialma mesma da Galicia, o seu honor, a sua personalidade esencial. Aquil que for inimigo do noso idioma e, de certo, un inimigo nos. Inimigo satánico, posto que e inimigo da nosa ialma.

O idioma galego forma parte dunha gran familia: e irmán do francés, do castelán, do italian, do catalán e de todal-as demais lingoas románicas. A forza espritoal do pobo galaico soupo crear, de maneira semellante o pobo «francés, ou o italian, ou o castelán, a sua lingoa propia. o seu idioma, espresion da propia personalidade.

Os nosos maiores tiveron alento e grandeza de esprito pra se por en par dos demais pobos europeos. A lingoa galega, o mesmo que as demais lingoas irmas, ten en si mesma unhas posibilidades de plasmacion cultural. Da mesma maneira que o francés serviu para xermolar unha gran cultura de valor universal, ou o italian, ou o castelán, o galego pode servir de base a unha cultura de valor universal semellante. Daquela que os nosos devanceiros tiveron vontade de o conquerir, agromou niste chan oucidental a lírica galaico-portuguesa, unha das grandes creacións da cultura europea. Veleiqui a gran ambición coleitiva que nos debe axuntar por enriba das loitas de ideas ou de intereses, pois ningunha outra nos pode ennobrecer tanto. Percurar que así seña e o deber fundamental que todo galego ten coa sua comunidade. Renunciar a ilo, total ou parcialmente, denota debilidade moral, impotencia de esprito, caducidade ....

Compostela (Galiza), 1959 ⌘



No Ateneo Ferrolán celebrouse en marzo un coloquio sobre os mitos e as lendas galegas. Este encontro tivo a pretensión de querer rescatar, avivar, lembrar; de achegarse á tradición oral. Esas foron as ideas que o viron nacer e con esa intención resultei eu involucrado no proxecto.

Neste coloquio falouse da mitoloxía, dos celtas, dos mouros e as mouras, das quimeras, dos mares galegos. Neste coloquio falaron Ana I. Carracedo Folgar, André Pena, Carlos Solla e Esperanza Piñeiro de San Miguel. E neste coloquio eu tiven a sorte de facer de moderador entre tanto estudoso e xente tan sabedora do que ha de dicir.

Mais, se tivera que responder a quen me preguntase de cómo puido ser que se celebrou tal coloquio, eu tería que dicir que porque era necesario.

Galicia é máxica, e diso non podemos esquecernos.

"PASIÑOS NUN CAIXÓN"

O autor, **Francisco Narla**, e galego, que aínda que xa escribiu e publicou, outras cousas, como relatos e ensaios técnicos, publica por primeira vez unha novela. A súa profesión, principal, e a de piloto de liña aérea, no deserto do Mojave, mentres voaba bimotores lixeiros, onde xorde, da "morriña" que sentía, o xerme de *Los Lobos del Centeno*.



Tiña as orelliñas todas picudiñas, coma se de tanto fedellar lle tiveran tirado delas un pouquiño de máis…

Nin o podía crer.

Eu, polas cousas do traballo, teño estado en medio mundo, e dos meus relatos e novelas pódese dicir que hai palabras que viñeron de máis alá e outras que chegaron de máis acolá. Incluso houbo unha vez que tomei notas para un relato no cumio dun volcán no Ecuador. Sen embargo, onde eu prefiro deixar que a literatura me leve é na miña casa, aquí, no fogar; un vello muíño na ribeira dunha das augas da "terra dos mil ríos". E, na casa estaba eu hai uns días, ben sentado e coa cabeza disposta, tentando recordar un pesadelo da noite anterior para escribir un relato de meter medo, deses que tanto me gustan, cando me pareceu oír coma se un ratiño andase ás carreiras no caixón da miña mesa.

Xa se sabe, vivindo no campo… Por pensar, o primeiro no que pensei foi na familia do rato e, despois, no langrán do meu gato (que, por certo, chámase Poe e é máis preto co carbón) que andaba a roncar ao quente agarimo da lareira, cos ollos máis pechados cunha lonxa pola tarde e menos vontade cunha monxa nun baile.

E aí que soaron outra vez as patiñas, a correr polo caixón, mexendo nos meus papeis. Nese momento entroume o medo no corpo, precisamente ese era o caixón no que gardaba o manuscrito da miña próxima novela. A ver se o rato lle ía dar por estragar todo aquel traballo para facerse un niño de papel e frases dunha historia por acabar. Alá marchou a man dereita ela soíña, coma o lume de carozo. Abriuse o caixón e…

Alí estaba, nin rato nin rata. Intentado non caer por aquilo de ter aberto o caixón a toda présa.

Pequeniño, con guedellas louras, crechas e esguedelladas, de olliños azuis, cun queixiño afiado coma navalla de vello, un nariciño cheo de pecas e unhas orelliñas todas picudiñas. Miraba para min coma en-fadado pola interrupción, todo dereito cos braciños cruzados no peito e movendo darriba para baixo a puntiña dun pé calzado cunha zoca que non servía nin de dedaleira do pequena que era. Era tan ananiño que de teres caído non chegaría da primeira a última frase do parágrafo que andaba a puntuar estando alí de pé.

As follas de papel, todas estradas, parecían remexidas coma se estivese lendo.

— ¿Vai morrer a rapariga ou non? — Dixo cunha voceciña de meniño.

Non entendín de que falaba. ¿E como ía entendelo se nin sequera podía atinxir o feito de que falara?

— ¡Eh! ¿Que se a vai matar ou non o tipo ese? — Insistiu.

— Non estou seguro—contestei eu o darme conta de que falaba da miña novela.



— Xa, claro. E logo, vouno saber eu. ¿Non es ti o escritor?

Estaba tan abraiado que non fun capaz de pensar se aquilo tiña moito o pouco sentido. Agora que intento recordalo non podo explicarme como me deixei levar por semellante conversa con tan singular personaxe.

— Non che entendo, ¿como non o vas saber? —Insistía mentres botaba a andar entre unha marxe e outra da páxina cento trinta e dúas da miña novela en proceso.

— Pois porque inda non pensei niso… Eh… Verás, a historia vai saíndo por si soa e inda que exista una estrutura argumental —el engurrou a fronte e detívose para ollar cara a min—, unha idea xeral da historia dende o principio, iso non significa que teña claro o que lle vai pasar a cada personaxe.

El comezou de novo o seu paseo, coma se co paso quixera subliñar algunha frase da novela mentres rumiaba na miña resposta. E aproveitei a ocasión.

—¿Pero, que fas ti aquí? ¿Como chegaches? ¿Quen es? —Preguntei eu ó fin, reaccionando.

Non contestou de seguido, parouse, mexeu nos seus cabelos louros con rápidos xestos e deixouse caer sentado entre dous parágrafos.

—Chámome Nuadu e veño da carballeira esa que hai na outra beira do río —contestou o tempo que sinalaba por riba de min levantando un daqueles braciños, nun xesto coma o voar dun cabaliño do demo.

—E estou aquí porque oín que ti falabas de nós nas túas historias, ¿é verdade?

— ¿De vós?

— Si… Dos trasnos, das meigas, dos lobishomes, das xentes do bosque, das fadas dos ríos… E inda deses tolambróns da Santa Compaña.

— Pois si, é certo, gústame escribir sobre as lendas e as tradicións galegas. Non son un estudoso nin nada diso, mais faime chiste recordar os contos que a miña avoa me dicía polas noites ó carón da lareira. Mais, non sempre falo de… De vós. — Miraba para min con cara contrita mentres rascaba a punta dunha orelliña.

—Pois deberías. Deberías porque a xente comeza a esquecerse de que andamos por aí, deberías. —E movía a súa cacholiña guedelluda dun lado para outro. —Deberías, porque os nenos de hoxe en día xa non saben de nós… Deberías, porque somos moitos e non queremos que nos esquezades. Tes que facelo —e púxose de novo en pé, desta vez sinalándome dereitiño—.

—¿Como? ¿Que sodes moitos…

—Si, moitos—interrompeume—. Somos moitos, e inda así a xente empeza a pensar que nin sequera existimos. ¿Podes imaxinalo? ¿Nós, esquecidos?

Eu fun incapaz de responder, estaba intentando poñer en orde as ideas cando, aproveitando o meu silencio, el seguiu a falar.

—Escoita, vouche dicir do que escribir. Antonte andaba eu sen nada que facer e senteime no valado ese da tenza que hai o leste da carballeira, por onde pasa a corredoira. Cando sentei saía o sol e pasei todo o día alí, ata o entrar da noite, ¿e sabes a quen vin? —Non agardou pola miña resposta. —Aínda de amañecida pasou unha cabra de tres cornos que buscaba unha serra e, de seguidiño, unha serpe de vinte furcos cun cuxo que lle avultaba na tripa chea. Rosmaba non sei qué de volver a súa cova a durmir e non sei que lerias dunha parella de namorados que lla andaban a ocupar. E despois, apareceu unha vaca cun berce nas costas que me preguntou se a lagoa de Doniños andaba moi lonxe, e tras da vaca un ánima que ía berrando a todo berrar non sei que historias de ter ido en vida a Santo Andrés de Teixido. E antes de que o sol chegara o mediodía pasou unha meiga vella buscando aro e outra nova que andaba á procura deses cogomelos vermellos de pintas brancas. Antes do xantar apareceu unha moura que, en pago a indicarlle por ónde se ía ó cabo do mundo, regaloume un roliño de fío que me prometeu nunca se acabaría mentres non me viran coser con el. E despois chegou un pastor sen ovellas que se sentou comigo, compartimos viño dunha bota furada e comemos queixo feito de leite de apóutegas. E cando marchou o pastor e pensaba eu en botar unha soneca apareceu unha curuxa que me pediu unha moeda de tantalantán a cambio de adiviñares o meu futuro, e inda que lle dixen que non quería nada advertiume de que se no San Xoán non saltaba por riba do lume da fogueira ía ficar con mal de ollo.

Parou por un momentiño, coma se pensase na advertencia da curuxa.

—E iso non foi todo —continuou—, entón pasou unha sardiña toda emporcallada que contaba como se desenterrara a unha muller que a levaba con ela cara ó ar. A sardiña quería ir xogar a brisca cunha anguía e a muller quería coller nove olas na praia da Lanzada a ver se quedaba preñada. E despois vin a pantasma de Prisciliano que, o darse conta que eu andaba alí sentado sen nada que facer, enredouse a falarme, dicindo que volvía de Compostela moi desgustado por mor de non sei qué dun tal apóstolo Santiago. E xa cando a tarde comezaba a mediar pasou cara ó río, mascando unha cacheira, un lobishome que viña de esnaquizar uns porcos. E pouco lle faltou para cruzarse cun canteiro torto que levaba dous escornacabras para a cheminea do pazo porque, íalle dicindo ó compadre carpinteiro que pasaba con el, o marqués tenlle medo as bruxas. Logo achegouse ó valado un lagarto sen rabo que levaba cartos prendidos no pescozo e, como xa se acercaba a noite, foino comer un moucho que era todo negro. Despois, cruzou un cabaleiro que as miñas preguntas contestou que ía o Cebreiro a levar o Santo Grial para cumprir unha promesa. E logo pasou unha manada de lobos que tiñan por xefa unha loba toda branquiña. Xa de noite chegaron ouveando os tolambróns da Santa Compaña, e por non aturalos, marchei para casa…

E despois de coller un pouco de aire seguiu falando.

— E agora cerra o caixón, que quero ler se a rapaza morre ou non e se a culpa e da meiga ou non…

E non te esquezas, escribe de nós.

E eu quedei caladiño e abraiado. Obediente cerrei o caixón, e de seguidiño empecei a escribir estas liñas. Oíndo aquelas patiñas correr arriba e abaixo no caixón da miña mesa.

Galiza e máxica,
non o esquezamos.

⌘



REFLEXIÓNS

por Eliseo Zaera Ríos

Unha nova lección da sabedoría do pobo: O resultado das eleccións autonómicas. ¿Saberán os destinatarios aproveitar a lección?

Haberá que esperar catro anos para comprobar se os alumnos aproveitaron e asimilaron a mensaxe???

En liñas xerais penso que pode dicirse que os perdedores asumiron ben a derrota, con dignidade, serenidade e reaccións consecuentes e rápidas.Todo, por outra banda, normal en democracia.

Do que non estou tan seguro, hai que velo, de si os vencedores asumirán ao mesmo nivel a súa vitoria. É unha vitoria indiscutible e nas circunstancias actuais certamente comprometida. Unha das partes implicadas neste gran lío económico-político mundial é , non cabe dúbida, o tecido financeiro, ese gran "monstro" con mil tentáculos, mil entidades e milleiros de personaxes repartidos por todos os países do mundo que conseguen, non se sabe moi ben cómo, poñer patas arriba o equilibrio que parecía existir no primeiro mundo antes de aparecer a crise que estamos a padecer.

No recuncho que nos corresponde nese mundo, ¿van ter os vencedores nas eleccións políticas unha química máis positiva con ese tecido financieino para atopar xuntos solucións axeitadas aos grandes problemas que está xerando a situación.? Este é un dos grandes retos que penso han de ter diante os novos inquilinos de San Caetano. Reto porque, mentres non se demostre o contrario, a maior entendemento dos políticos cos poderes fácticos e financeiros, máis dificultades para avanzar nas grandes liñas de progreso sostible e equilibrio social, se non que lle pregunten a algún dos perdedores nesta derradeira confrontación.

A democracia, a pesar de todos os atrancos, vai avanzando, lenta e deixando moitos cadáveres atrás. Cadáveres en termos reais, porque o proceso vital é imparable, pero tamén en termos de desencantados, desilusionados, aburridos, desesperanzados e cansos de tantas ilusións perdidas, de tantas promesas incumpridas e de tantos cambios anunciados por uns e por outros para quedar logo en fume.

É difícil superar o pesimismo e recuperar a ilusión, sobre todo cando non sintonizas cos novos xestores e co que nos ofrecen, pero é totalmente necesario para o ben do conxunto facer todos os esforzos posibles para acadar un alto nivel de esixencia, control e vixilancia. O que prometeron que o cumpran e o que estaba aprobado ou en proceso que o rematen pois pertence a toda a cidadanía, promovido polos seus lexítimos representantes ós que agora relevan por decisión tamén da cidadanía, para sumar e medrar, non para restar.

E para os que pasaron ás outras bancadas, ás da oposición, máis traballo, menos gratificante, cunha atractiva recompensa a medio prazo, retomalas rendas do carro para mellorala xestión, ou seguir empuxando nunha oposición creativa que recupere a credibilidade do electorado.

A uns e a outros, vencedores e vencidos: rematou a loita electoral, os administrados esperamos avances, solucións e boa xestión. As "grandes palabras" comprometen e para gobernar para todos hai que contar con todos.

Esperamos velo. 



OLLADAS EN RAMÓN PIÑEIRO

por Luís Alonso Girgado

O feito de ter dedicado o Día das Letras do presente 2009 á súa figura suscita, en boa lóxica, a atención sobre don Ramón Piñeiro (1915-1990), home tan discreto en actitudes como modesto e austero no seu *modus vivendi*; sempre nun segundo plano cando de figurar se trataba e sempre entusiasta e cheo de enerxía cando tocaba impulsar e apoiar calquera iniciativa que resultase útil e beneficiosa para a causa galeguista na que el tivo papel de protagonista.

Falamos da estratexia dunha política de resistencia e posibilismo cultural desenvolvida dende a Galicia interior xa ben instalada a etapa franquista e afastada da Galicia da diáspora, centrada esta en recuperar a situación previa á Guerra Civil.

Estivo Ramón Piñeiro como unha sombra omnipresente nesa política culturalista que tivo en Galaxia –tan radicalmente vinculada a el dende a súa saída (1950) á depauperada panorámica cultural galega– un epicentro fundamental. Outro eixe, máis intimista aínda que non menos eficaz, foi a sinxela "mesa camilla" da súa casa en Santiago, dende a que practicou, incansable, un directo e individualizado proselitismo galeguizador. En fin, coa apertura da etapa democrática en 1975, desenvolveu no Parlamento e no Consello da Cultura un sólido traballo de consolidación a prol da lingua e da súa instalación na sociedade e nos seus ámbitos de máis prestixio.

Polo que atinxe á súa dimensión de escritor, temos que falar dunha inequívoca tendencia aos xéneros breves (artigo de prensa, carta, prólogo, ensaio curto), circunstancia que inclúe aínda os seus dous mellor coñecidos títulos: *Filosofía da saudade* (1984) e *Olladas no futuro* (1974); ensaístico o primeiro, epistolar (non exento de doutrinarismo e conceptualismo) o segundo. Mais convén engadir deseguido que no haber publicístico piñeiriano debe contar non só o que el fixo, senón tamén o moitísimo que sementou, estimulou e concretou editorialmente, de autoría allea, case sempre a través de Galaxia.

O conxunto dos escritos de Ramón Piñeiro está inspirado e alentado por Galicia. Os elementos da súa cosmovisión son a saudade, a paisaxe e a poesía. A lingua é base fundamental da nosa definición como pobo. Portugal, unha necesaria veciñanza. Rosalía e Pimentel, os nosos poetas por definición. En ensaios e cartas doutrinais desenvolveu unha e outra vez estes conceptos, este ideario entre filosófico, estético e contemplativo.

A carta, o xénero epistolar acada evidente primacía na escrita de don Ramón. Quizais non sexa esaxerado falar de arredor de dez mil cartas da súa autoría. Nelas está a historia e intrahistoria de toda unha época, das tentativas e logros do galeguismo cultural, das iniciativas persoais e institucionais, de atrancos insalvables e de camiños e carreiros para salvalos, sempre na procura de solucións. As cartas son un pequeno manual de principios galeguistas e / ou unha sempre reiterada mensaxe de ánimo, de chamada á colaboración, de gabanza e encomio para o que se vai conseguindo para Galicia.

É xusto que o Ateneo Ferrolán manteña a lembranza viva de Ramón Piñeiro, que colaborou no seu Cuaderno nº 2 (1983) co escrito "Para colabourar



nunha idea atinada", onde converxen Seoane, Dieste e Lorenzo Varela. Visitou Ferrol en máis dunha ocasión, como queda acreditado, por poñer un exemplo, na carta a Xosé Luis Pensado, datada o 17-I-1961, na que refire a súa viaxe á cidade, polo Nadal de 1960, para escoitar a conferencia que pronunciaba o Ramón máis grande, Otero Pedrayo, que –estou seguro– tería en don Xosé Leyra Domínguez, o meu admirado profesor, galeguista de fe e militancia, ao oínte máis afervoado. Por certo –conta Piñeiro– que alguén entregou ao conferenciante un manuscrito en forma de "Diccionario etimolóxico galego" que despois non callou en nada. "Pasmoume moito –lemos na carta–, eso si, que aparecese (o manuscrito) precisamente no Ferrol, que é onde menos podía agardarse unha cousa así". A observación, no Ferrol de 1960, estaba máis que xustificada.

Ferrol e máis exactamente os ferroláns están presentes nas cartas de Ramón Piñeiro, que, por exemplo, mantivo unha moi significativa correspondencia con Carballo Calero: arredor de cincuenta cartas que hoxe están ao dispor de calquera lector (*Cartas de Ramón Piñeiro a Carballo Calero*, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro, 2004, col. Cadernos Ramón Piñeiro, V.).

Na Biblioteca Penzol hai cartas dirixidas a Ramón Piñeiro por un total de 1.131 interlocutores ou correspondentes, boa parte deles representados con menos de media ducia de cartas; pola contra, algúns como Rodrigues Lapa ou Enrique Santamarina superan as cen misivas epistolares.

Algúns deses interlocutores son de Ferrol ou da súa comarca: José Rubia Barcia, Miguel Carlos Vidal, Vicente Araguas, Luis Mera Naveiras, Agustín Sixto Seco, Ricardo Carballo Calero ou Siro López entre outros.

Quizais fose boa idea publicar algún día o epistolario das xentes de Ferrol con Ramón Piñeiro: teriamos así unha imaxe máis clara e precisa do peso e representatividade do galeguismo na cidade onde tamén Ramón Piñeiro foi persoa respectada e prestixiosa. Como en toda Galicia.



MANIFESTO DO 8 DE MARZO DO 2009

8 DE MARZO DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES

As mulleres traballamos, as mulleres contamos
Non solucionaredes a crise á custa dos nosos dereitos



MARCHA MUNDIAL DAS MULLERES

8 de Marzo
Día Internacional das Mulleres

Manifestación en Ferrol, ás 12:30 horas desde a Praza Amada García, diante do Edificio Administrativo da Xunta de Galicia en Ferrol

marchagaliza@feminismo.info
http://feminismo.info

Todos os anos, o 8 de marzo, mulleres en todo o mundo mobilizámonos para reivindicar e esixir cambios que melloren as nosas condicións de vida e conquisten e consoliden dereitos que nos son negados. As mobilizacións mundiais este 8 de marzo van facer referencia a como nos afecta ás mulleres esta crise de dimensións múltiples: de traballo, de acceso aos alimentos, enerxética, medioambiental e financeira. consecuencia do sistema capitalista e do neoliberalismo, da avaricia sen límites, da falta de transparencia e de control social que configuran a realidade financeira mundial.

Hoxe en día ninguén nega que as mulleres en todo o planeta, en maior ou menor grao, chegamos a esta situación de crise con clara desvantaxe. Os organismos internacionais aseguran que de cada 10 persoas pobres no planeta, 7 somos mulleres. Tamén afirman que posuímos só o 1% da propiedade da terra. O patriarcado, que historicamente mantén ás mulleres nunha situación de subordinación, encontrou no capitalismo un grande aliado.

En países occidentais como o noso, as estatísticas asegúrannos que somos maioría no paro, temos máis eventualidade e precariedade no emprego, e cobramos un 30% menos de salario. Esta realidade agudízase no caso das mulleres novas, do colectivo de mulleres xitanas ou mulleres inmigrantes. Somos maioría nos sectores laborais, peor valorados e peor pagados, como son o marisqueo a pé, a conserva, o téxtil, limpeza, hostelería e comercio, agricultura ou no servizo doméstico. Hai que sumar a todo isto que seguimos levando case toda a responsabilidade do coidado e do traballo no ámbito doméstico.

As políticas neoliberais emanadas dos intereses das grandes corporacións e aplicadas por organismos baixo o seu control (OMC, BM e FMI), concretáronse na privatización de servizos básicos como a sanidade e a educación, de recursos como a auga e a terra, con políticas de dependencia enerxética e alimentaria, destrución de tecidos produtivos... provocando un aumento da pobreza e a desigualdade en todo o planeta.

Asistimos con preocupación á aplicación, por parte de moitos gobernos, de medidas de loita contra a crise, que trasladan grandes cantidades de fondos públicos en axudas a grandes empresas e entidades financeiras. Todo menos intentar un control público das entidades financeiras, ou un novo modelo produtivo ao servizo das necesidades das persoas e non da produción e o consumo sen límites.

Tamén sabemos da importancia que ten para as mulleres o mantemento do emprego público para evitar a precarización, para evitar a discriminación no acceso ao emprego e na promoción laboral, para manter mellores condicións laborais, medidas específicas de protección por maternidade ou por ser vítimas de violencia, etc. dereitos básicos que dificilmente conseguimos ou podemos exercer nas empresas privadas.

Nós tamén sabemos botar ben as contas. Todo o diñeiro público destinado a quen amasou e amasa riqueza, vai supor números vermellos para manter os servizos públicos, as políticas sociais ou a creación de emprego. Por iso imos estar atentas, organizadas e activas para denunciar as políticas que reproduzan a exclusión das mulleres da actividade económica, ou que recorten as coberturas sociais que temos alcanzado até o momento. Imos esixir políticas decididas que se aparten da doutrina neoliberal e que aseguren non só a consolidación do que temos acadado até o momento, senón que supoñan un avance en dereitos e en igualdade.





Eiquí Será

Quixera eiquí morrer, niste silenzo
de pombas arroladas;
niste vento que dorme nos piñeiros
un sono de lembranzas.
Quixera eiquí morrer, cos ollos postos
no fumegar das horas, na borralla
do tempo, frente a frente
de min, aberta a i-alma
aos latexos da vida, nunha tarde
ateigada de arpas.

Van e veñen as nubes ventureiras,
as anduriñas pasan.
O pandeiro da chuvia na fenestra
repenica unha maina
melodia de outono
que no roncón do rio se acompasa.
Quixera eiquí morrer. Ser sementado
nista doce bisbarra.
Chantar eiquí o meu cansancio acedo,
pousar eiquí pra sempre as miñas azas.

Celso Emilio Ferreiro

POEMAS EN LOITA –I

Loita, erguinme en loita
contra o embuste inxerido
sen máis armas cás mans,
espidas plumas de coraxe
[enaltecido.]
Erguinme porque quería
espertar o verbo durmido,
precisaba pintar coa miña
[voz]
o que tiña acontecido.

Erguinme porque desexaba
atopar o valor esquecido,
precisaba debuxar cos meus
[beizos]
o noso soño esvaecido.
Loita,
erguinme en loita,
loita contra o vento ferido,
para acabar morrendo nas
[mans]
dos meus inimigos.

POEMAS EN LOITA –XII

Ignorancia
terrible arma,
co teu ser ameazas
á cidade arelada.
Es fogar de sombras,
insensatez, na penumbra
da estupidez.
Onde é mellor crer
que saber.
Ignorancia
son os teus libros
páxinas espidas,
as túas horas
palabras perdidas.
Ignorancia
es ermo campo durmido
onde o sentido cae sumido
nun eterno soño rendido.
Onde é mellor crer
que saber.
Ignorancia
canto máis te vexo,
máis recoñezo o desexo
de cravarte un verso afiado.
Porque, que somos no silencio
máis que nenos malcriados.
Porque, que somos na inconsciencia
máis que monifates abandonados.
Ignorancia!
comeza a batalla
das plumas erguidas.
Ignorancia!
comeza a loita
das almas ata agora durmidas.
Ignorancia!
non o dubides!
serás vencida!.

Miguel Ángel Alonso Diz

ATENEO FERROLÁN

www.ateneoferrolan.org





Día mundial do libro e os dereitos de autor

23 de abril

-2009-

UNESCO

United Nations Educational, Scientific and Cultural Organization

Organisation des Nations Unies pour l'éducation, la science et la culture



Affiche offerte à l'UNESCO par Anne Mabille et Marie Cheneval, étudiantes du BTS Édition de l'Asfored / Asfored BTS Edition students